

Este proxecto técnico foi aprobado na Comisión Permanente do Consello Galego de Estatística do día 29 de maio de 2015

35-403 Enquisa de movemento aeroportuario de Galicia

PROXECTO TÉCNICO

Obxectivos concretos da investigación

A enquisa referida ao *Movemento aeroportuario de Galicia* tenta satisfacer a meta de información 3.5.4 *Movemento de viaxeiros. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados* e ten como fin analizar o perfil sociodemográfico, a motivación da viaxe, o gasto e o comportamento en destino da poboación obxectivo do estudo, que son os individuos de 15 e máis anos non residentes en Galicia que empregan o avión (voo regular) para saíren da nosa comunidade autónoma.

O perfil sociodemográfico está constituído por idade, sexo e situación profesional. O comportamento en destino inclúe as variables frecuencia da visita, duración da visita, aloxamento empregado, destino principal, outros destinos visitados, incluída a posibilidade da visita ao Norte de Portugal, e a valoración. No Anexo I recóllese o cuestionario completo, e no Anexo II o manual do enquisador, no que se explican de xeito máis detallado as distintas variables, e as súas características.

O intervalo de idade establecido coincide cos criterios do *Regulamento (UE) Nº692/2011 do Parlamento Europeo e do Consello do 6 de xullo de 2001 relativo ás estatísticas europeas sobre o turismo*, no que se consideran aos individuos de 15 e máis anos como suxeitos de estudo, mentres o grupo de 0-14 é un grupo de estudio opcional.

A pesares de que a enquisa complétase integramente tan só aos non residentes en Galicia, a metodoloxía de mostraxe fai que sexan abordados na selección de mostra individuos tanto residentes como non residentes en Galicia, levándose a cabo un rexistro das enquisas fallidas, o que permitirá a estimación da porcentaxe de galegos e non galegos entre os pasaxeiros de saída dos aeroportos galegos.

Esta enquisa constitúe ademais unha fonte de contraste de datos para a operación Enquisa do turismo en destino de Galicia (ETDG).

Incorpórase a perspectiva de xénero coa análise das principais variables. En particular analizarase a procedencia e a motivación da visita segundo o xénero.

Unidades

As unidades estatísticas que toman parte no proceso de selección da mostra son o voo, que constitúe unha unidade de primeira etapa, e o pasaxeiro, a unidade de segunda etapa.

A unidade informante é o pasaxeiro non residente de 15 e máis anos que emprega o avión (voos regulares) para saír da comunidade autónoma, aínda que pode dar información referida non só a si mesmo senón ao grupo co que viaxa e comparte gastos (na pregunta 14). A entrevista completa só se realizará aos non residentes en Galicia.

Para precisar isto e outros conceptos que se empregan a continuación, véxase as definicións na seguinte sección.

Non se dispón dunha listaxe dos pasaxeiros. No entanto, dispónse da oferta de voos regulares que saen da nosa comunidade dentro do período de enquisamento. Esta oferta estratifícase en rutas. Cada un dos voos dunha ruta considérase como un conglomerado.

Dentro de cada estrato realízase unha selección aleatoria sen reempazamento de voos que constitúen unha mostra de unidades de primeira etapa. E dentro de cada voo seleccionado obtense, a súa vez, a través dun procedemento sistemático, unha submostra de pasaxeiros a embarcar que constitúen as unidades elementais.

Definicións

Persoa residente: Emprégase a definición da OMT referida a residente nun lugar. Considérase que unha persoa é residente dun lugar se (a) viviu nese lugar a maior parte dos doce últimos meses ou (b) viviu nese lugar menos de doce meses e pensa volver dentro dos doce meses seguintes para vivir nese lugar. Se a persoa viviu en varios lugares e hai un lugar que cumpre a condición (a) e outro a condición (b), entón este último prevalece como lugar de residencia.

Viaxe: Describe o turismo dende o punto de vista do lugar ou país emisor (orixe) e cubre todo o período no que unha persoa está viaxando fora da súa residencia habitual.

Viaxeiro: Persoa que está de viaxe entre dúas ou máis localidades.

Noites: Corresponde a cada unha das noites que un viaxeiro está rexistrado ou permanece nun aloxamento regrado ou non regrado. O concepto de noites é equivalente ao concepto de estadía.

A estadía en Galicia neste caso son as noites que permaneceu o viaxeiro en Galicia na súa viaxe, aínda que non fosen consecutivas, por exemplo, se o viaxeiro realiza unha visita a Portugal pernoctando nese país.

Visita: Describe o turismo dende o punto de vista do destino, neste caso Galicia. A visita será a parte da viaxe que se desenvolve en Galicia e por tanto é o obxecto do estudo.

Visitante: Toda persoa que viaxa a un lugar diferente ao do seu entorno habitual permanecendo nel menos de doce meses consecutivos cando o obxectivo principal da viaxe non é o exercicio dunha actividade remunerada dende o lugar visitado. A categoría de visitante pode dividirse en:

Turista: Os visitantes que pasan a noite en aloxamentos regrados ou non regrados no lugar ou país visitado.

Excursionista (ou visitante do día): Os visitantes que non pasan a noite en aloxamentos regrados ou non regrados no lugar ou país visitado.

Voo comercial: No ámbito do transporte aéreo de pasaxeiros un voo enténdese como comercial cando se realiza con fins lucrativos

Voo regular: No ámbito do transporte aéreo comercial de pasaxeiros un voo enténdese como regular cando cumpre as seguintes condicións:

- Que se realice entre dúas ou máis zonas distintas de tráfico e as súas características non varíen, en esencia, ao longo do tempo no que está programado
- Que o seu horario sexa público e fixo, ao igual que a frecuencia, o itinerario e prezo
- Que sexa accesible en todo momento a calquera persoa.

Ruta: Unha ruta é unha terna formada por (aeroporto de orixe, aeroporto de destino, compañía aérea que opera o voo). Os voos regulares agrúpanse en rutas, de xeito que cada ruta supón un estrato dentro da mostraxe. Os aeroportos de orixe son: Lavacolla (SCQ), Alvedro (LCG) ou Peinador (VGO). Os posibles aeroportos de destino tamén son coñecidos previamente e identificados polo código IATA do aeroporto. No tocante á mostraxe as rutas constitúen estratos para a mostraxe de cada trimestre.

Voo de semana / fin de semana: Voo de semana é aquel con horario de saída entre o luns ás 8:00 horas e o venres as 14:00 horas. O resto denomínanse de fin de semana.

Ruta nacional / internacional: Ruta nacional é aquela na que o aeroporto de destino está no mesmo país que o aeroporto de orixe. Ruta internacional é aquela na que o aeroporto de destino do voo está nun país diferente ao do aeroporto de orixe.

Compañía aérea tradicional / baixo custo: A diferenciación entre ambos tipos de compañía baséase no modelo de negocio, pero esa distinción é cada vez máis difusa. Por ese motivo considéranse como compañías de baixo custo aquelas que establece a Subdirección General de Conocimiento y Estudios Turísticos de Turespaña, mentres que o resto son compañías tradicionais. Na actualidade son: Cimber (Dinamarca), Transavia.com France (Francia), **Ryanair**, **Aer Lingus (Irlanda)**, CAI SECOND, Meridiana Spa (Italia), Transavia Holland (Holanda), **EasyJet Airline Co. Ltd**, Jet2 (Channel Express), bmiBaby, Flybe, Monarch Airlines, Thomsonfly (Reino Unido), **Air Berlin**, German Wings, TuiFly (Alemania), **Easyjet Switzerland**, FlyBaboo, Helvetic (Suiza), Norwegian (Noruega), Air Finland Ltd (Finlandia), Flyniki /NL Luftfahrt GMBH (Austria), Travel Service (República Checa), Wizz Air (Hungría), Blue Air (Rumanía), **Vueling**, **Iberia Express**, **Volotea (España)**, Jet4You, Air Arabia Maroc (Marruecos). En negra están as compañías que no 2013 operaron en Galicia.

Deseño da mostra

Periodicidade

O estudo ten periodicidade trimestral, de tal xeito que cada trimestre realízase unha campaña de enquisas en cada aeroporto galego, A Coruña (Alvedro), Santiago de Compostela (Lavacolla) e Vigo (Peinador).

Cada período de enquisamento ten unha duración de dúas semanas (14 días) en cada aeroporto. A elección das semanas está determinada por dous criterios: períodos de tempo sen festivos ou pontes que poidan modificar o perfil habitual do viaxeiro no trimestre e momentos nos que estean operativas a práctica totalidade das rutas do trimestre. En calquera caso o momento e a duración do período de enquisamento en cada trimestre están condicionados pola concesión de permisos por parte das autoridades aeroportuarias, que polo xeral non permiten que se realicen varias enquisas aos usuarios dos aeroportos simultaneamente, polo que o período do traballo de campo pode verse reducido ou modificado.

Tamaño da mostra e a súa distribución

O tamaño da mostra de viaxeiros ven fixado por cuestións orzamentarias en 6.200 enquisas anuais.

O reparto temporal da mostra realízase de xeito case uniforme por trimestre. Realízanse 1.500 enquisas a non residentes cada trimestre agás no correspondente ao verán no que a cifra é de 1.700 enquisas. Optouse por esta opción en lugar de establecer un reparto que imitase os patróns de distribución por trimestre da poboación obxectivo porque esa distribución daría lugar a mostras de tamaño moi reducido en trimestres de temporada baixa, en particular nos aeroportos con menos tráfico (Alvedro e Peinador), que serían insuficientes para enquisar a pasaxeiros de todos os estratos (rutas) destes aeroportos.

Considérase a oferta de voos regulares de cada un dos aeroportos galegos dentro do período de enquisamento dun trimestre. As rutas existentes (aeroporto de orixe, aeroporto de destino, compañía aérea que opera o voo) constitúen estratos. No Anexo III achéganse as rutas correspondentes ao ano 2013.

Inicialmente en cada trimestre realízase un reparto de 1.030 enquisas da mostra entre os aeroportos de forma proporcional á estimación do número de pasaxeiros de saída (en voos regulares) de cada aeroporto no trimestre de referencia.

No momento de realización das enquisas non se coñece o número de pasaxeiros de saída que haberá no trimestre en cada aeroporto, polo que se emprega unha estimación. Os datos dun trimestre compóñense como a suma de datos dos correspondentes meses. Se o dato dun mes do ano en curso non está dispoñible estímase empregando o volume de pasaxeiros de saída do mesmo mes do ano anterior.

Unha vez determinado o número de enquisas por aeroporto, estas se corresponden cun número determinado de voos, que serán seleccionados na mostraxe, e que se determina como o número mínimo de voos necesarios para realizar as enquisas sinaladas, considerando que se realizan 8 enquisas por voo. A determinación de 8 como número de referencia de enquisas por voo a non residentes está determinado pola experiencia previa polo número de enquisas a non residentes que se poden facer con comodidade no período de espera dos viaxeiros.

$$no_{ic} = 1030 * \frac{\hat{N}_{ic}}{\sum_c \hat{N}_{ic}} = 1030 * \frac{\hat{N}_{ic}}{\hat{N}_i} \quad (1)$$

$$vo_{ic} = \text{Redondeo alza} \left(\frac{no_{ic}}{8} \right) \quad (2)$$

no_{ic} é número de enquisas iniciais no aeroporto c no trimestre i

\hat{N}_{ic} a estimación do número de pasaxeiros de saída en voos regulares no aeroporto c no trimestre i .

vo_{ic} é o número voos que hai que seleccionar na mostraxe para poder realizar no_{ic} enquisas, se se realizan, ao sumo, 8 por voo.

Unha vez determinada a cifra de voos que se enquisarán en cada aeroporto, vo_{ic} , esta repártense entre as rutas (estratos) de forma proporcional ao número de voos de cada ruta.

Á asignación proporcional anterior, engádese o requisito de enquisar un mínimo de 5 voos por ruta internacional (se hai ese número de voos no período de enquisamento) en todos os aeroportos. Nos aeroportos de A Coruña e Vigo establécese este mínimo tamén para as rutas nacionais. Establecer este mínimo no aeroporto de Santiago en xeral non é posible porque se superaría o número máximo de enquisas por trimestre establecido por motivos orzamentarios, polo que para as rutas nacionais establécese un mínimo de dous voos a enquisar por ruta.

É dicir, adóptase unha afixación por compromiso coa fin de garantir que se enquisen todos os estratos. Esta afixación por compromiso é a que fai que o número inicial de 1.030 enquisas repartidas inicialmente (129 voos) se incremente ata chegar ás 1.500 enquisas (1.700 no terceiro trimestre).

Estes limiares pódense modificar de xeito excepcional se o número de enquisas finais resultantes supera o máximo determinado para o trimestre.

Selección dos voos nos que se realizarán as enquisas

Dispónse do marco de voos (regulares) de saída nos distintos aeroportos galegos no período de enquisamento en cada aeroporto. Unha vez determinado o número de voos a enquisar por ruta escolleranse empregando unha mostraxe aleatoria simple sen reempazamento, os voos que se enquisarán dentro de cada ruta.

Esta mostra inicial poderá sufrir modificacións por motivos loxísticos. Se non fose posible realizar enquisas nun voo seleccionárase un voo suplente dentro da mesma ruta (estrato) a ser posible que pertenza ao mesmo grupo (semana / fin de semana) e cunha hora de saída similar.

Se por calquera incidencia non se acadase o número de 8 enquisas nalgún voo poderanse compensar as enquisas faltantes realizando máis enquisas das 8 asignadas no resto dos voos seleccionados da mesma ruta, sempre que non se superen as 12 enquisas por voo.

En caso de seren insuficientes estas enquisas poderanse escoller voos de entre os suplentes da mesma ruta ata completar o número de enquisas desexado.

Selección das unidades informantes da mostra

As enquisas realizaranse na sala de embarque, cando os enquisados estean a esperar para subir ao avión. Elixiuse este momento porque a visita xa está finalizada —o que fai que a

unidade informante poida dispor de toda a información solicitada no cuestionario— e por cuestións operativas —disponse do tempo preciso para realizar a enquisa.

Búscase garantir a heteroxeneidade e representatividade da mostra, evitando que o enquisador determine subxectivamente a quen enquisa, influído polo seu aspecto. É por iso que os viaxeiros selecciónanse aplicando un método sistemático por parte dos enquisadores, mediante o cal abordarán ós pasaxeiros en intervalos fixos. Orientativamente, cada vez que se remate unha enquisa deixaranse pasar a tres persoas e entrevistarase á cuarta. A amplitude deste período axustarase en función do fluxo de persoas, podendo chegar a entrevistar a todos os que estean a esperar o voo se fose preciso.

Deste xeito e dado que, como se citou anteriormente, estase a rexistrar o número de galegos abordados (e non enquisados) en cada voo, será posible estimar a porcentaxe de residentes e non residentes por ruta, o que permitirá estimar o volume da poboación obxectivo de pasaxeiros non residentes en Galicia que saen da nosa comunidade en avión en voos regulares.

Con respecto á xente que vén en familia, parella ou grupo non se pode enquisar aos dous membros dunha parella; en xeral non se enquisará a máis de 1 de cada 5 membros dun grupo.

O tempo asignado a enquisar aos pasaxeiros de cada voo tamén está determinado, pois a realización das enquisas con demasiada antelación á hora de saída do voo pode nesgar o perfil do viaxeiro. Por exemplo, os viaxeiros de negocio adoitan chegar ao aeroporto tarde, isto é cerca da hora de embarque. Deste xeito empezase a enquisar aproximadamente 40 minutos antes da hora de embarque prevista.

Recollida e tratamento de datos

a) Cuestionario a utilizar

O cuestionario, que se achega en galego no Anexo I, permite recoller mediante entrevista persoal as variables referentes ao comportamento dos viaxeiros en Galicia, con varias partes diferenciadas: Identificación da enquisa, Cuestións relativas á visita a Galicia, Gasto, Valoración e Perfil sociodemográfico. No cuestionario emprégase o termo viaxe en lugar de visita para facilitar a comprensión das preguntas por parte da unidade informante.

O Anexo II contén as instrucións para os enquisadores e nel explícanse as distintas preguntas do cuestionario.

A pregunta *P.1 Lugar de residencia* é a que filtra ás persoas enquisables, os non residentes en Galicia, pertencentes á poboación obxectivo.

As variables que se recollen neste cuestionario son de dous tipos: cuantitativas e cualitativas.

Variables cuantitativas:

- Número de persoas (P.8.1, P.14): a unidade é a persoa.
- Número de noites nun lugar (P.9, P.21.1). a unidade é a noite.
- Gasto (P.13.1, P.14): a unidade é o euro.
- Idade (P.18): a unidade é o ano

Variables cualitativas. O resto de variables son cualitativas

b) Método de recolleita de información

Prioritariamente realizaranse empregando a aplicación informática que con tal fin proporciona Turismo de Galicia. De xeito excepcional poderanse realizar enquisas en papel, por exemplo cando sexa necesario enquisar varios voos moi próximos no tempo pódense realizar enquisas en papel para gañar axilidade. En calquera caso, e como o produto final do traballo require a entrega nun ficheiro de Excel (ou o seu equivalente, OpenOffice Calc) da base de datos das enquisas, haberá que pasar estas a formato dixital empregando a aplicación, pois o seu deseño minimiza erros.

c) Plan de traballo de campo

O traballo de campo contratase con empresas especializadas. Xúntase o prego de prescricións técnicas no Anexo IV onde se especifica o plan de traballo de campo, calendario, inspeccións e depuracións que se realizan.

Entregarase aos enquisadores un plan de traballo cos horarios dos voos que se desexan enquisar e unha listaxe de suplentes para cada voo que se poderán empregar en caso de ser necesario.

Para detectar e evitar posibles nesgos xerados polo enquisador nun aeroporto, o traballo de campo deséñase de xeito que en cada trimestre as enquisas de cada aeroporto sexan realizadas por dous enquisadores.

d) Depuración

Ademais da depuración realizada pola enquisa os datos rexistrados pásanse a MSEXcel e revísanse para evitar erros.

As comprobacións automáticas que se realizan son:

- As rutas (ternas) do traballo de campo coinciden coas rutas coñecidas da oferta de voos no período de enquisamento.

- Comprobar que a pregunta P.4 *Se non existise esa conexión directa, tería realizado esta viaxe igualmente?* Só se realiza aos pasaxeiros de rutas internacionais.
- A pregunta sobre a frecuencia da visita a Galicia (P.7.1) só se realiza cando a resposta á pregunta P.7. *É a primeira vez que visita Galicia?* é negativa.
- O tamaño do grupo é coherente coa resposta da compañía coa que vén na viaxe.
- O tipo de aloxamento só está cuberto cando a duración da estadía en Galicia é distinta de cero.
- A pregunta sobre as noites en Portugal (P.21.1) só se contesta se a resposta á pregunta sobre a estadía en Portugal (P.21) é positiva.

e) Imputación

Compañía aérea:

Considéranse dúas variables diferenciadas. A compañía aérea que opera o voo (única e determinada por AENA) e a compañía aérea á que o pasaxeiro mercou o billete.

Tal e como fai AENA, os pasaxeiros asígnanse á compañía que opera o voo independentemente da compañía á que o viaxeiros comprase o seu billete de avión. As compañías poden ser diferentes cando pertencen á mesma alianza. En xeral estas alianzas acontecen só entre compañías tradicionais, aínda que existen casos nos que unha compañía tradicional (X) permite comprar dende a súa web pasaxes para voos operados por compañías de baixo custo (Y). En calquera caso, os individuos que compren o seu billete en X para un voo operado por Y serán considerados de Y, pois AENA realiza esa asignación nas súas estatísticas de pasaxeiros.

Compañía na viaxe e tamaño de grupo.

Se falta o tamaño do grupo e a compañía na viaxe é *Só* ou *En parella* imputarase como tamaño de grupo 1 ou 2, respectivamente.

Se o tamaño do grupo indicado é 1 e falta a compañía da viaxe, imputarase *Só*.

Datos de gasto

Para cada variable de gasto, obtense unha variable homoxénea de gasto por persoa. Para facer isto, aplícanse os seguintes criterios:

Gasto en orixe: Pregúntase o gasto e o número de persoas ás que se refire. O primeiro paso é desfacer o paquete turístico, un conxunto de servizos que o turista adquire de forma conxunta sen poder distinguir o custo de cada un dos servizos individuais contratados.

Para determinar a estrutura coa que se debe repartir o montante total nas distintas partidas de gasto empréganse o vector de despaquetización global obtido durante a investigación realizada para a Enquisa de Destino.

Se o enquisado non especifica os servizos contidos no paquete emprégase unha distribución tipo segundo as características que se acaban de comentar.

- En todos os casos elimínase o gasto en transporte para chegar a Galicia, por considerar que é unha cantidade que reverte fóra das fronteiras autonómicas.
- Se o enquisado non especifica o valor do gasto en orixe pero si marcou os servizos contratados ou incluídos no paquete, imputase o valor medio do servizo ou paquete segundo as características do mesmo.

Gasto en destino

- Se o enquisado declara que todos os seus gastos son iguais a cero a pesar de estar rexistrado nun establecemento oneroso (establecementos regrados, albergue ou vivenda de aluguer) e tampouco ten gastos en orixe, anuláanse todos os ceros de gasto en destino e déixanse como baleiros, susceptibles por tanto de ser imputados.
- Cando o gasto total en destino non se atopa repartido entre os distintos epígrafes, impútase segundo unha estrutura que varía en función do tipo de aloxamento, e temporada con agregacións para garantir a calidade da imputación. Quedan excluídas deste reparto as categorías que tiveran consignado algún gasto en orixe, malia que pode pasar que tal gasto en orixe non abrangue realmente o total da estancia en Galicia.
- Se o enquisado non facilita ningún nivel de gasto, nin en orixe nin en destino, tendo en conta o tipo de aloxamento, e a temporada con agregacións, impútanselle os gastos medios para cada categoría, subtotal e total. Deste xeito apróveitase toda a información da estrutura do turismo, evitando nesgar o perfil e o nivel de gasto.
- Finalmente, se o enquisado non ten ningún gasto en aloxamento a pesar de estar rexistrado nun establecemento oneroso, impútaselle un gasto nese apartado pola media dos rexistros co mesmo tipo de aloxamento, categoría, réxime, temporada e tipoloxía (peregrino ou non) con agregacións.

Procedemento de estimación

Para estimar os resultados, cada enquisa levará asociado un factor de ponderación. A idea máis sinxela é empregar como factor de elevación para unha observación o número de pasaxeiros de saída non residentes na súa ruta (aeroporto de saída - aeroporto de destino - compañía aérea) nun trimestre dividido entre o tamaño da mostra da ruta (a constituída só por

non residentes) dese período. Non é posible dispor do número de pasaxeiros de saída non residentes, polo que se levará a cabo unha estimación.

Para realizar a estimación do número de pasaxeiros de saída non residentes por ruta sería preciso coñecer o número de pasaxeiros de saída totais e a proporción de residentes/non residentes por ruta. A estimación da proporción de residentes/non residentes realízase empregando o número de enquisas realizadas a non residentes entre o número de intentos necesarios para realizalas. En cambio o número de pasaxeiros por ruta é unha información que non sempre está dispoñible para todas as rutas. Dende a web de AENA é posible obter, para cada un dos aeroportos galegos, as cifras mensuais de pasaxeiros de saída ou ben por compañía aérea (que opera o voo), ou ben por aeroporto de destino. Non o cruce de ambas variables, que serían os datos dunha ruta. En ocasións é posible obter o dato dunha ruta concreta empregando a información das compañías que voan a un só destino, os destinos aos que voa unha soa compañía, e combinándoos cos datos das que teñen dous destinos...

Cando non é posible determinar o número de pasaxeiros dunha ruta, agrúpanse as rutas necesarias ata poder coñecer o número de pasaxeiros de saída desa agrupación. Cada agrupación de rutas para a que se dispón da cifra de pasaxeiros de saída denomínase *grupo base*. En calquera caso nestas agrupacións sempre separan as cifras de Tradicional e Baixo Custo, Nacional e Internacional. En particular, coa actual configuración do mapa de conexións aéreas, é posible obter as cifras de pasaxeiros de todas as rutas internacionais.

Unha vez construídos estes grupos base, poderase estimar o volume de pasaxeiros non residentes en cada grupo *g*. Dispónse dun rexistro de enquisas fallidas (realizadas a galegos) e enquisas válidas en cada voo, polo que se dispón da estimación da proporción mostral de residentes e non residentes en cada grupo.

Deste xeito pódese estimar o volume de pasaxeiros non residentes para cada grupo base.

$$\widehat{Nnr}_{icg} = N_{icg} * \frac{mnr_{icg}}{m_{icg}} \quad (3)$$

Onde:

\widehat{Nnr}_{icg} é a estimación do número de pasaxeiros de saída non residentes en voos regulares no trimestre *i*, aeroporto *c*, grupo *g*.

N_{icg} é o número de pasaxeiros de saída en voos regulares no trimestre *i*, aeroporto *c*, grupo *g*.

mnr_{icg} é o tamaño da mostra de non residentes no trimestre *i*, aeroporto *c*, grupo *g*

m_{icg} é o tamaño da mostra de residentes no trimestre *i*, aeroporto *c*, grupo *g*.

m_{icg} é o número de intentos necesarios para obter a mostra de non residentes no trimestre i , aeroporto c , grupo g . É a suma do número de enquisas a non residentes, mnr_{icg} , máis o número de enquisas fallidas, abordando a galegos, mr_{icg} .

Esta estimación implica a suposición de que a proporción de residentes/non residentes é constante en cada grupo base.

Neste punto dispónse de toda a información necesaria para o cálculo dos factores de elevación. Empregarase como factor de elevación para cada enquisa a non residentes a estimación do volume de non residentes en cada grupo base dividido entre o tamaño da mostra de non residentes para ese grupo.

$$FE_{icg} = \frac{\widehat{Nnr}_{icg}}{mnr_{icg}} \quad (4)$$

FE_{icg} é o factor de elevación que pondera ás enquisas a non residentes realizadas no trimestre i , aeroporto c , grupo g .

Substituíndo (3) en (4) apréciase que o factor de elevación en cada grupo é o número total de pasaxeiros de saída do grupo entre o número de intentos realizados para obter as entrevistas predeterminadas para os non residentes.

$$FE_{icg} = \frac{N_{icg}}{m_{icg}} \quad (5)$$

A suma destes factores de elevación para todas as rutas, considerando a mostra de residentes e non residentes debería coincidir coa cifra de pasaxeiros de saída en voos regulares en cada aeroporto galego e cada trimestre. Non sempre é así. O motivo principal é que non se enquisase algún grupo nalgún trimestre. Isto pode ser debido a que durante o traballo de campo non estivesen operativas todas as rutas que existían ou ían a existir no trimestre. Por exemplo, nos últimos días de xuño empezan a operar as rutas de verán, pero esperar a estas datas para realizar as enquisas nesgaría o perfil do segundo trimestre. É por iso que os pasaxeiros de eses voos non estean representados en ningún grupo g , polo que se “perderían”.

Explotación prevista

Difúndirase na páxina web da Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia os principais resultados anuais:

- Distribución porcentual dos viaxeiros segundo sexo, procedencia, motivación, compañía na viaxe, frecuencia da visita a Galicia, aloxamento principal e temporada (sempre que se dispoña de suficiente representación).
- Gasto medio diario por turista para Galicia.
- Estadía media en Galicia
- Perspectiva de xénero. distribución porcentual para homes e mulleres dos viaxeiros segundo procedencia e motivación.

Nesgos e limitacións da operación

A elección das unidades de primeira etapa, os voos, non presenta demasiados problemas, salvo de loxística, ao non poder enquisar a máis de 2 voos nun intervalo de menos de media hora, no mesmo aeroporto. O método empregado na elevación supón que a ocupación de todos os voos da mesma ruta en cada trimestre é a mesma (aínda que non se dispón dos datos de ocupación dos distintos voos de cada ruta) e que os voos dentro de cada ruta selecciónanse coas mesmas probabilidades.

A escolla do pasaxeiro pode dar lugar a un nesgo de selección, na medida que os pasaxeiros que chegan ao avión ao final do período de embarque (adoitan ter motivación traballo-negocios) poden estar infrarrepresentados, se cando chegan xa se teñen realizado as enquisas establecidas. En calquera caso a estimación da porcentaxe de pasaxeiros de negocios rolda o 30%, polo que parece que este nesgo, de existir non parece moi acusado.

A agrupación de rutas nun mesmo grupo base asume a hipótese de que o comportamento dos voos de todas as rutas é homoxéneo, tanto na proporción de residentes/non residentes como no tamaño e ocupación dos voos. Esta asunción, de non ser certa, pode dar lugar a nesgos.

Para reducir un posible nesgo derivado do período de enquisamento elixido, escóllese este de tal xeito que, na medida do posible, non inclúa festivos ou pontes que poidan modificar o perfil habitual do viaxeiro no trimestre. Procúrase tamén que estean activas a práctica totalidade das rutas do trimestre.

Anexos

Anexo I: Cuestionario

Amosa a versión en galego do cuestionario utilizado para realizar a enquisa no ano 2014.

Anexo II: Manual do enquisador

Achégase o manual que se entrega aos enquisadores como guía para a súa labor de enquisamento. Este manual explica en detalle o significado de cada pregunta do cuestionario

Anexo III: Exemplo de rutas anuais

Achégase como exemplo a listaxe de rutas correspondentes ao ano 2013.

Anexo IV: Prescricións técnicas

O traballo de campo e depuración de datos contrátase a unha empresa externa mediante o procedemento administrativo que corresponda. Achégase o prego de prescricións técnicas do contrato do ano 2014..

Anexo V: Exemplo de distribución da mostraxe

Incorpórase un exemplo do plan de mostraxe dun trimestre nos tres aeroportos, no que se inclúen tanto os voos seleccionados como a mostra de voos suplentes.

Anexo I: cuestionario (versión en galego)

DATA: ___ / ___ / ___ COMPAÑÍA AÉREA QUE OPERA: _____ Hora da enquisa: ___ / ___

DATOS DO VOO: Orixe: _____ Destino: _____ Hora de saída voo: ___ / ___

P.1. Lugar de residencia:

- Galicia (Concello): _____ (*parar se é galego*)
 España (Provincia): _____
 Fóra de España (País): _____

P.2. Compañía aérea coa que viaxa: _____

P.3. Destino final da viaxe: _____

P.4 Se non existise esa conexión directa, ¿realizaría esta viaxe igualmente? (*preguntar só aos pasaxeiros con voo directo desde Galicia ao estranxeiro*)

- Si Non NS/NC

P.5. Medio de transporte utilizado para chegar ao aeroporto (*resposta única*):

- Vehículo particular Autobús do aeroporto (Desde: _____)
 Taxi Outros (*especificar*): _____

CUESTIÓNS RELATIVAS Á VIAXE A GALICIA

P.6. Motivación principal da viaxe a Galicia:

- Vacacións / Ocio Estudos
 Traballo / Negocios Peregrinaxe
 Reunións / Congresos Eventos deportivos e culturais
 Visita a familiares / amigos Outros (*especificar*): _____

P.7. ¿É a primeira vez que visita Galicia?

- Si Non NS/NC

P.7.1 En caso negativo, ¿con que frecuencia visita Galicia?

- Menos dunha vez ao ano
 Unha vez ao ano
 Máis dunha vez ao ano

P.8. ¿Con quen vén nesta viaxe?

- Só Con amigos
 En parella Grupo organizado
 Coa familia Outros (*especificar*): _____

P.8.1. Tamaño do grupo (incluídos menores e vostede mesmo): _____

P.9. Duración da estada en Galicia: _____ noites

P.10. Destino principal da viaxe a Galicia (*Cidade/Municipio*): _____

P.11. Tipo de aloxamento utilizado durante a súa estada (*no destino principal*):

- Hotel Albergue / Residencia
 Pensión Casa propia
 Apartamentos Turísticos Vivenda de aluguer
 Cámping Casa de familiares ou amigos
 Turismo rural Outros (*especificar*): _____

P.12. Outros lugares que visitou dentro de Galicia (municipios/zonas):

_____ ; _____ ; _____

Ningún

P.13. ¿Realizou algún tipo de reserva ou pago no seu lugar de orixe?

Si Non NS/NC

P.13.1 En caso afirmativo, indique o modo de reserva e os pagos realizados (de ser o caso) por conceptos:

	RESERVAS	RESERVAS			PAGOS EN ORIXE	PAGOS EN ORIXE	
	Paquete	Pola empresa	Por axencia	Internet, teléfono ...	Euros (€)	Nº pax.	
Transporte a Galicia	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	_____	_____	
Transporte interno (dentro de Galicia)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	_____	_____	
Aloxamento	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	_____	_____	
Aluguer de coches	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	_____	_____	
Outros servizos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	_____	_____	
Valor paquete turístico	<input type="text"/>					€	

P.14. Gasto realizado en destino segundo os seguintes conceptos:

GASTO TOTAL EN:	Euros (€)	%	Nº pax.
Aloxamento	_____	_____	_____
Restaurantes, bares, cafeterías, pubs...	_____	_____	_____
Transporte interno (dentro de Galicia)	_____	_____	_____
Compras (supermercados, agasallos,...)	_____	_____	_____
Cultura / Ocio	_____	_____	_____
Outros (<i>especificar</i>):	_____	_____	_____
TOTAL:	_____	_____	_____

P.15. ¿Repetiría a súa viaxe a Galicia?

Si Non NS/NC

P.16. Aspectos mellor valorados da súa visita a Galicia:

P.17. ¿Que cousas melloraría da súa experiencia nesta viaxe?

P.18. Idade: _____

P.19. Sexo: Home Muller

P.20. Situación profesional:

Asalariado Xubilado
 Traballador por conta propia Estudante
 Desempregado Outras (*especificar*): _____

P.21. Durante a súa visita, ¿estivo no Norte de Portugal? Si Non

P.21.1. En caso afirmativo, ¿cantas noites pasou no Norte de Portugal? _____

Manual do Enquisador

ENQUISA DE MOVEMENTO AEROPORTUARIO DE GALICIA

Turismo de Galicia

04 de novembro do 2013

Índice xeral

1. A enquisa
 - 1.1 Obxectivos
 - 1.2 O proceso de enquisamento
 - 1.3 O cuestionario
 - 1.3.1 Bloque 0: Identificación do voo
 - 1.3.2 Bloque I: Datos xerais
 - 1.3.3 Bloque II: Cuestións relativas á viaxe e estadía en Galicia
 - 1.3.4 Bloque III: Perfil persoal do viaxeiro
 - 1.3.5 Bloque IV: Visita Portugal
2. Resultados. O informe final
3. Turismo de Galicia. Área de Estudos e Investigación. Datos de contacto

1. A Enquisa

1.1 Os Obxectivos

O estudo céntrase nos individuos de **15 e máis anos** non residentes en Galicia (residentes no resto de España e no estranxeiro) que empregan o avión para saíren da nosa comunidade autónoma.

Esta enquisa ten dous obxectivos principais. Por unha banda coñecer o perfil sociodemográfico, as características da viaxe e o comportamento dos viaxeiros non residentes en Galicia, por outra parte, coñecer a proporción entre residentes e non residentes en Galicia dos pasaxeiros que saen.

O primeiro obxectivo concrétase a través da realización da enquisa e o segundo é posible porque aínda que non se enquire aos galegos vaise levar un rexistro de todos os galegos aos que se aborda no aeroporto.

O estudo ten periodicidade trimestral, de tal xeito que cada trimestre realízase unha campaña de enquisas nos aeroportos de A Coruña, Santiago e Vigo, de dúas semanas de duración en cada un.

1.2 O Proceso de Enquisamento

ONDE: A enquisa realízase a pasaxeiros de saída que se atopan fundamentalmente na sala de embarque, esperando para subir ao avión.

A QUEN ENQUISAR: Aínda que a enquisa realízase só aos non residentes en Galicia, como se desexa saber a proporción entre residentes e non residentes é importante achegarse aos pasaxeiros ao azar, sen “buscar” ao non residente. Para facer isto é habitual escoller, por exemplo, a unha de cada dúas ou tres persoas que pasen. Con respecto á xente que ven en familia, parella ou grupo non se pode enquisar aos dous membros dunha parella; en xeral non se enquisará a máis de 1 de cada 5 membros dun grupo.

Para garantir que se cubra toda a variedade de voos existentes entregárase unha listaxe que recolle a data, hora e destino dos voos que se desexan enquisar. Dentro de cada un deses voos hai que enquisar aproximadamente a uns 8 viaxeiros non residentes. É importante recalcar a idea de escoller aos pasaxeiros ao chou, de xeito que se nun voo só se atopasen maioritariamente galegos, e non aparecesen non residentes, non hai que tentar buscar aos non residentes para cubrir a “cuota”.

Nestes casos, se o número de enquisas non é moi baixo pódese completar as enquisas a non residentes que faltaban enquisando a máis persoas nun voo das mesmas características

(destino e compañía) sen enquisar nunca a máis de 12 por voo. Se aínda así fose insuficiente, ou se por calquera motivo non se puidese enquisar algún dos voos sinalados (anulación do voo, problemas técnicos, ou calquera outro imprevisto), o procedemento a seguir será elixir outro voo co mesmo destino e a mesma compañía da listaxe que se entregará de voos *suplentes*. Respectarase tamén na medida do posible o reparto de voos entre semana e fin de semana, tendo en conta que se considera que a fin de semana comeza o venres a partir das dúas da tarde e acaba o luns ás oito da mañá. Tamén se respectará de ser posible a franxa horaria. Cando haxa unha incidencia deste tipo falarase coas persoas de contacto da Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia indicando tanto o voo que presenta problemas como o voo elixido para substituílo.

CANDO: Tendo en conta que os pasaxeiros embarcan media hora antes da hora de saída do avión e considerando o número de enquisas a realizar é preciso empezar a enquisar aos pasaxeiros dun avión ao redor de corenta e cinco minutos antes da hora de embarque, que será aproximadamente media hora antes da saída do voo.

COMO: Hai dous formas de realizar a enquisa. Prioritariamente realizaranse empregando a aplicación informática que con tal fin proporciona Turismo de Galicia. De xeito excepcional poderanse realizar enquisas en papel, por exemplo cando sexa necesario enquisar varios voos moi próximos no tempo pódense realizar enquisas en papel para gañar axilidade. En calquera caso, e como o produto final do traballo require a entrega nun ficheiro de Excel (ou o seu equivalente, OpenOffice Calc) da base de datos das enquisas, haberá que pasar estas a formato dixital, preferiblemente empregando a aplicación, pois o seu deseño minimiza erros.

1.3 O Cuestionario

O cuestionario vai destinado aos viaxeiros que saen de Galicia en avión, aínda que tamén se cubrirá para os galegos ata a primeira pregunta (P1). O cuestionario cubrirase en papel, onde están as opcións de castelán e inglés, ou na tablet, onde se dispón de 6 idiomas.

1.3.1 Bloque 0: Identificación do voo

Cóbrese a **data** e a información sobre o voo: **orixe** (LCG, SCQ ou VGO), **aeroporto de destino**, **compañía aérea** que opera o voo, **hora** de saída do voo e **hora de realización** da enquisa.

1.3.2 Bloque I: Datos xerais

Esta sección abarca os datos xerais dos voos.

P.1 Lugar de residencia. É unha variable cualitativa con tres posibles respostas: Galicia / España / Fóra de España. Se o entrevistado fose residente en Galicia, marcaríase esta opción, o *concello* de residencia e parárase de facer a enquisa. Se o enquisado fose

residente no resto de España anotárase a *provincia*, e se fose residente no estranxeiro o *país*. A consideración de residencia baséase nas recomendacións da UE ao respecto, coherentes coas definicións da OMT. No tocante a viaxeiros en movemento, considérase que unha persoa é residente dun lugar se (a) viviu nese lugar a maior parte dos doce últimos meses ou (b) viviu nese lugar menos de doce meses e pensa volver dentro dos doce meses seguintes para vivir nese lugar. Se a persoa viviu en varios lugares e hai un lugar que cumpre a condición (a) e outro a condición (b), entón este último prevalece como lugar de residencia.

P.2 Compañía aérea coa que viaxa: Nome da compañía aérea coa que voa. No caso da enquisa en soporte dixital inclúese a pregunta sobre que a compañía que opera o voo, que deberá ser cuberta polo enquisador en caso de que o pasaxeiro voe con outra compañía.

P.3 Destino final da viaxe: O destino final da viaxe que vai realizar. E dicir, se vai de viaxe a Berlín vía Madrid o destino final é Berlín.

P.4 Se non existise esa conexión directa, tería realizado esta viaxe igualmente? Realízase esta cuestión só aos pasaxeiros que saian en voos directos ao estranxeiro dende Galicia. A idea é coñecer se, de non existir esa conexión directa, realizarían a viaxe igualmente (ben noutra compañía con voos con escalas, ben noutro medio de transporte).

1.3.3 Bloque II: Cuestións relativas á viaxe e estadía en Galicia

Nesta sección pregúntase sobre as características da viaxe da persoa:

P.5 Motivación principal da viaxe a Galicia. Pregunta de resposta única. Hai que elixir. Se o motivo non coincidise con ningún dos expostos sinálase 'Outros' e especifícase o motivo. Nesta pregunta como en todas as que hai a opción de engadir texto é importante tentar escribir o mesmo motivo sempre do mesmo xeito.

P.6. É a primeira vez que visita Galicia? Se estivo antes en Galicia

P.6.1 En caso negativo, con qué frecuencia visita Galicia? Se estivo antes en Galicia, con qué frecuencia vén.

P.7. Con quen vén nesta viaxe? Pregunta de resposta única. As veces o grupo co que vén non é tan sinxelo de discernir, porque hai unha mestura de cousas. Como regra pódese establecer que *Parella + Familia = Familia*; *Parella + Amigos = Amigos*. No caso de *Familia + Amigos* non é tan fácil de decidir sen saber as circunstancias. Por iso é importante preguntar sobre o comportamento. Dúas parellas que viaxan xuntas poden ser comportamento de parella ou de amigos, no sentido de realizar as actividades en conxunto, compartir gastos... En calquera caso ante dúbidasponse en Outros e se o grupo organizado no que vén é moi grande (100 ou máis), poñerase o grupo pequeno co que vén. Pode vir nunha viaxe de 150 a Santiago, pero en realidade vén coa súa irmá, por exemplo, e nese caso sería familia.

P.7.1 Tamaño do grupo (incluídos menores e vostede mesmo):___ Este número ten que ser coherente co establecido no anterior.

P.8. Duración da estadía en Galicia. O número de noites. Se non quedou a durmir serían 0 noites. É importante recalcar que este período inclúe só as noites que pasou en Galicia. As noites que pasase na viaxe fóra da nosa comunidade non se computan, aínda que, por exemplo, fíxese unha visita a Porto en medio da súa visita a Galicia. As noites en Porto non están incluídas na duración da estadía a Galicia.

P.9. Destino principal da viaxe a Galicia. Ten que elixir o destino principal ao que veu. Se estivo viaxando por varios o principal que o trouxo ou no que pasou máis noites.

P.10. Tipo de aloxamento utilizado na súa estadía (no destino principal). Se non pasou ningunha noite a pregunta pode quedar en branco.

P.11. Outros lugares que visitou dentro de Galicia (municipios/zonas). É importante que o lugar sinalado sexa identificable. Por iso pídesse poñer municipio. Respostas tipo “A Torre de Hércules” non son válidas, porque despois aparecen respostas como “Igrexa de Santa Marta” ilocalizables.

P.12. Medio de transporte utilizado para chegar ao aeroporto: Distínguese entre distintos medios de transporte para achegarse ao aeroporto galego. Nos aeroportos nos que haxa autobús específico do aeroporto, este considerase autobús de liña regular.

P.13. Realizou algún tipo de reserva ou pago no seu lugar de orixe? Hoxe en día e viaxando en avión é case imposible non realizar pagos ou reservas en orixe. Os propios billetes de avión, reserva do hotel...

P.13.1 En caso afirmativo indique o modo de reserva e os pagos realizados (de ser o caso) por conceptos. Estes gastos son *por persoa*. Considéranse dúas posibilidades: se reservou (mercou) un *paquete* turístico ou non.

En caso de reservar *paquete* hai que sinalar os elementos que inclúe o paquete (transporte a Galicia, aloxamento, alugueiro de coches...), o importe do paquete turístico e o número de persoas ao que se refire o gasto.

Se non reservou un paquete hai que sinalar cómo se realizou a reserva de cada elemento e o seu prezo.

P.14. Gasto realizado en destino (...) Hai que cubrir o gasto en distintos conceptos. Para iso hai tres columnas. O modo habitual de cubrir a enquisa sería sinalar o gasto en euros na primeira columna e o número de persoas para o que se fixo ese gasto na terceira. Ese número de persoas non ten que ser igual en toda a columna. Pódese pagar o taxi para 4, a comida para 2, e as compras só para un. Hai xente que non lembra exactamente canto gastou en cada concepto. Así que existe a posibilidade de poñer o gasto total e o número de persoas para o que foi ese gasto. Neste caso pídesse tamén que dividan aproximadamente ese gasto total en porcentaxes segundo conceptos. O 40% en

alojamento o 35% en comida e o resto en compras... por exemplo. Ese dato anótase na segunda columna.

P.15 Repetiría a súa viaxe a Galicia?

P.16 Aspectos mellor valorados da visita a Galicia. Sinalar os aspectos mellor valorados de modo conciso. Na tablet escribilos separados por ;.

P.17 Que cousas melloraría da súa experiencia nesta viaxe? Sinalar os aspectos a mellorar de modo conciso. Na tablet escribilos separalos por ;.

1.3.4 Bloque III: Perfil persoal do viaxeiro

Esta parte cubre o perfil sociodemográfico do pasaxeiro.

P.18 Idade. Numérica. Aquí hai que lembrar que se enquisa só a persoas de 15 anos ou máis.

P.19. Sexo. Non se pregunta ao enquisado

P.20. Situación profesional. Resposta única.

1.3.5 Bloque IV: Visita Portugal

Neste bloque pregúntase sobre a posible estadía do enquisado no norte de Portugal.

P.21. Durante a súa visita, estivo no Norte de Portugal?

P.21.1. En caso afirmativo, cantas noites pasou en Norte de Portugal?

2. Resultados. O informe final

É responsabilidade do coordinador de equipo realizar os traballos de supervisión e coordinación necesarios para garantir que o traballo de campo se realice conforme ao establecido nos pregos técnicos. O coordinador de equipo será o responsable de remitir a Turismo de Galicia as bases de datos depuradas resultantes do traballo de campo así como os informes semanais e trimestrais e toda a documentación requirida por Turismo de Galicia.

Produto final por trimestre. As enquisas entregaranse nun ficheiro excel ou similar. A aplicación xera un ficheiro txt, que haberá que importar a excel. Engadirase unha primeira columna numerada de xeito correlativo para os datos de cada aeroporto. Se as enquisas se fixeron en papel deberá poñerse o mesmo número nas enquisas en papel para poder identificalas. Este ficheiro incluírá aos galegos abordados e non enquisados. Cando as enquisas se realicen en papel poderanse pasar a formato dixital empregando a aplicación. Espazos extra ou escrituras alternativas (idiomas, erratas...) xerarán problemas na análise de datos.

Entregaranse tamén as enquisas en papel que se realizasen.

Informe semanal. Realizárase un informe semanal que recolla os cambios realizados nos voos enquisados, o número de enquisas realizadas e o número de galegos abordados en cada voo organizados por enquisador, aeroporto, data, destino e compañía. Ademais ese informe recollerá todas as incidencias que se produzan: relativas ao traballo de campo, aplicación informática, traballo no aeroporto, dúbidas dos enquisados respecto ao cuestionario...

Informe final trimestral. Realizárase un breve informe trimestral que resuma os cambios nos voos realizados, una táboa co número de enquisas realizadas e os galegos abordados en cada aeroporto organizadas por destino, compañía e enquisador. Incluírse tamén calquera incidencia salientable.

3. Turismo de Galicia. Área de Estudos e Investigación. Datos de contacto

Ante calquera dúbida ou observación dirixirse a Turismo de Galicia. Área de Estudos e Investigación.

Teléfono: 881 995 262

E-mail: estudos.turismo@xunta.es

Anexo III. Exemplo de rotas anuais

LISTADO DE RUTAS POR AEROPORTO E TRIMESTRE. AÑO 2013

SCQ							
TRIMESTRE 1		TRIMESTRE 2		TRIMESTRE 3		TRIMESTRE 4	
COMPAÑÍA	DESTINO	COMPAÑÍA	DESTINO	COMPAÑÍA	DESTINO	COMPAÑÍA	DESTINO
AIR BERLIN	PALMA DE MALLORCA	AER LINGUS	DUBLIN	AER LINGUS	DUBLIN	AIR EUROPA	LANZAROTE
AIR EUROPA	TENERIFE SUR	AIR EUROPA	LANZAROTE	AIR EUROPA	LANZAROTE		TENERIFE SUR
	GRAN CANARIA		TENERIFE SUR		TENERIFE SUR		GRAN CANARIA
AIR NOSTRUM	BILBAO		GRAN CANARIA		MENORCA	AIR NOSTRUM	BILBAO
EASYJET	GINEBRA	AIR NOSTRUM	BILBAO		IBIZA		PALMA DE MALLORCA
	BASILEA		PALMA DE MALLORCA		GRAN CANARIA	EASYJET	GINEBRA
RYANAIR	ALICANTE	EASYJET	GINEBRA		CARACAS		BASILEA
	BARCELONA		BASILEA	AIR NOSTRUM	BILBAO		LONDRES / GATWICK
	LANZAROTE	RYANAIR	ALICANTE		PALMA DE MALLORCA	RYANAIR	BARCELONA
	MADRID		BARCELONA	EASYJET	GINEBRA		LANZAROTE
	PALMA DE MALLORCA		LANZAROTE		BASILEA		MADRID
	TENERIFE SUR		MADRID		LONDRES / GATWICK		PALMA DE MALLORCA
	VALENCIA		PALMA DE MALLORCA	RYANAIR	ALICANTE		TENERIFE SUR
	SEVILLA		TENERIFE SUR		BARCELONA		VALENCIA
	REUS		VALENCIA		LANZAROTE		GRAN CANARIA
	GRAN CANARIA		SEVILLA		MADRID		LONDRES / STANSTED
	LONDRES / STANSTED		GRAN CANARIA		PALMA DE MALLORCA		FRANKFURT / HAHN
	MALAGA		LONDRES / STANSTED		TENERIFE SUR	IBERIA / AIR NOSTRUM	TENERIFE NORTE
	FRANKFURT / HAHN		MALAGA		VALENCIA	IBERIA EXPRESS	MADRID
	LANZAROTE		FRANKFURT / HAHN		SEVILLA	VUELING	BARCELONA
IBERIA / AIR NOSTRUM	MADRID		MILAN-BERGAMO		GRAN CANARIA	TURKISH AIRLINES	ESTAMBUL
IBERIA EXPRESS	MADRID	IBERIA EXPRESS	MADRID		LONDRES / STANSTED		
VUELING	BARCELONA	VUELING	BARCELONA		MALAGA		
			MALAGA		FRANKFURT / HAHN		
			PARIS / CHARLES DE GAULLE		MILÁN-BERGAMO		
		TURKISH AIRLINES	ESTAMBUL	IBERIA / AIR NOSTRUM	LANZAROTE		
					TENERIFE NORTE		
					GRAN CANARIA		
				IBERIA EXPRESS	MADRID		
				VUELING	BARCELONA		
					ZURICH		
					MALAGA		
					PARIS / CHARLES DE GAULLE		
				TURKISH AIRLINES	ESTAMBUL		

Anexo III. Exemplo de rotas anuais

LISTADO DE RUTAS POR AEROPORTO E TRIMESTRE. AÑO 2013

VGO							
TRIMESTRE 1		TRIMESTRE 2		TRIMESTRE 3		TRIMESTRE 4	
COMPAÑÍA	DESTINO	COMPAÑÍA	DESTINO	COMPAÑÍA	DESTINO	COMPAÑÍA	DESTINO
AIR EUROPA	MADRID	AIR EUROPA	MADRID	AIR EUROPA	MADRID	AIR EUROPA	MADRID
AIR FRANCE	PARIS / CHARLES DE GAULLE		TENERIFE SUR		TENERIFE SUR	AIR FRANCE	PARIS / CHARLES DE GAULLE
ORBEST	TENERIFE SUR	AIR FRANCE	PARIS / CHARLES DE GAULLE	AIR FRANCE	PARIS / CHARLES DE GAULLE	IBERIA EXPRESS	MADRID
IBERIA EXPRESS	MADRID	IBERIA EXPRESS	MADRID	IBERIA EXPRESS	MADRID	VUELING	BARCELONA
IBERIA / AIR NOSTRUM	BILBAO	IBERIA / AIR NOSTRUM	BILBAO		PALMA DE MALLORCA	AIR NOSTRUM	BILBAO
	MADRID	VUELING	BARCELONA	IBERIA / AIR NOSTRUM	BILBAO		MADRID
VUELING	BARCELONA				MADRID		
					TENERIFE NORTE		
					GRAN CANARIA		
				VUELING	BARCELONA		

ÍNDICE

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA, PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS RELATIVOS AO TRABALLO DE CAMPO E DEPURACIÓN DA OPERACIÓN “ENQUISA DE MOVEMENTO AEROPORTUARIO DE GALICIA”, TRAMITADO POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA

I RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

- 1** RÉXIME XURÍDICO
- 2** PROCEDEMENTO, FORMA DE ADXUDICACIÓN E VALOR ESTIMADO
- 3** RECURSOS
- 4** XURISDICIÓN

II ELEMENTOS DO CONTRATO

- 5** OBXECTO DO CONTRATO
- 6** ORZAMENTO DE LICITACIÓN
- 7** EXISTENCIA DE CRÉDITO
- 8** PRAZO DE EXECUCIÓN
- 9** PRAZO DE GARANTÍA
- 10** REVISIÓN DE PREZOS
- 11** CAPACIDADE PARA CONTRATAR
- 12** CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

III ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

- 13** FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS
 - 13.1 Forma de presentación
 - 13.2 Lugar e prazo de presentación de proposicións
- 14** DOCUMENTACIÓN
 - 14.1 SOBRE A. Título: Documentación xeral
 - 14.2 SOBRE B. Título: Oferta técnica e proposición económica

IV PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

- 15** MESA DE CONTRATACIÓN
- 16** APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN
- 17** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
 - 17.1 Documentación a presentar polo licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa
 - 17.2 Adxudicación
 - 17.3 Devolución da documentación e da garantía provisional

V FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

- 18** FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

VI EXECUCIÓN DO CONTRATO

- 19** RESPONSABLE DO CONTRATO
- 20** EXECUCIÓN DO CONTRATO
- 21** CUMPRIMENTO DO PRAZO E PENALIDADES POR MORA
- 22** DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO
- 23** CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO
- 24** OBRIGAS DO CONTRATISTA
 - 24.1 Obrigas laborais e sociais
 - 24.2 Protección de datos de carácter persoal
 - 24.3 Autorización e licenzas
 - 24.4 Gastos esixibles
- 25** PREZO DO CONTRATO E RÉXIME DE PAGAMENTO
- 26** PROPIEDAD E EXPLOTACIÓN DOS TRABALLOS

VII CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

- 27** CESION
- 28** SUBCONTRATACIÓN

VIII MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- 29** MODIFICACIÓN
 - 29.1 Prerrogativa de modificar o contrato
 - 29.2 Modificacións previstas derivadas dos principios de sostibilidade financeira e estabilidade orzamentaria: ampliación do prazo de execución
 - 29.3 Modificacións non previstas

- 30** SUSPENSIÓN DO CONTRATO

IX EXTINCIÓN DO CONTRATO

- 31** CUMPRIMENTO E RECEPCIÓN
- 32** RESOLUCIÓN
- 33** DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA
- 34** PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN
- 35** CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA, PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS RELATIVOS AO TRABALLO DE CAMPO E DEPURACIÓN DA OPERACIÓN “ENQUISA DE MOVEMENTO AEROPORTUARIO DE GALICIA”, TRAMITADO POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA

I RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

1 RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de servizos, de natureza administrativa, rexerá polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Así mesmo se rexerá polo prego de prescricións técnicas particulares, que regula as características da prestación que é obxecto da contratación, así como a súa execución.

O presente prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante PCA), o prego de prescricións técnicas particulares (en adiante PPTP) e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Os contratos axustaranse ao contido dos citados pregos que se consideran parte integrante do contrato.

En todo o non previsto estarase ao disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante TRLCSP), e polas demais disposicións de igual ou inferior rango que sexan de aplicación, en canto non se opoñan á lei. En tanto non se atope derogado e en todo o que non contradiga ao TRLCSP, aplicarase o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, e igualmente o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante **RXLCAP**).

O contratista acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados e á xurisdición contencioso administrativa respecto das cuestións litixiosas que puidesen derivarse deste contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgados pola Administración que poidan ter aplicación á execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

O adxudicatario obrigarase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social, protección de datos de carácter persoal e calquera outra de carácter xeral.

2 PROCEDEMENTO, FORMA DE ADXUDICACIÓN E VALOR ESTIMADO

Para os efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación, sen incluír o IVE, que deberá soportar a Administración ascende á cantidade indicada no apartado 3 do cadro de características.

Para a adxudicación da presente contratación aplicarase o procedemento negociado sen publicidade con aplicación de aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación, conforme ao disposto nos artigos 169, 170, 173, 176 e 178 da TRLCSP.

3 RECURSOS

A resolución do órgano de contratación pola que se adxudique o contrato porá fin á vía administrativa. Esta poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo de un (1) mes, ante o mesmo órgano ou ser impugnada directamente, no prazo de dous (2) meses, ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución do contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa. Os ditos acordos poderán ser recorridos potestativamente en reposición, no prazo de un (1) mes, ante o mesmo órgano de contratación ou ser impugnados directamente ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso – administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Os defectos de tramitación que afecten a actos distintos dos contemplados no apartado anterior poderán ser postos de manifesto polos interesados á Área de Contratación da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, para os efectos da súa corrección.

4 XURISDICIÓN

O coñecemento das cuestións litixiosas que puideran derivarse da presente contratación corresponderá á xurisdición contencioso - administrativa.

II ELEMENTOS DO CONTRATO

5 OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego ten por obxecto a contratación da realización dos traballos que se describen no apartado 1.1 do cadro de características, no que ademais se especifican as necesidades administrativas que se teñen que satisfacer mediante o contrato e os factores de toda orde que se terán en conta polos posibles licitadores e adxudicatario.

O código da nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades 2008 (CNPA-2008), correspondente ao obxecto do contrato así coma o código relativo á nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea será o sinalado no apartado 1.2 do cadro de características.

O contrato efectuarase conforme ás condicións que figuran no presente prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas particulares, os cales revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados polo adxudicatario simultaneamente á sinatura do contrato.

As bases técnicas deste procedemento negociado sen publicidade, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese pola Administración, estarán á disposición dos licitadores, para o seu exame, na Área de Contratación da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, durante o prazo de presentación de proposicións, todos os días laborables durante as horas hábiles de oficina, así como no perfil do contratante (<http://contratosdeg Galicia.es>).

No apartado 6 do cadro de características indicárase a admisión ou non admisión de variantes, de conformidade co establecido no artigo 147 do TRLCSP.

No suposto de non admisión de variantes cada licitador presentará inescusablemente unha (1) única proposición en relación co obxecto do contrato, que se axustará necesariamente á solución técnica definida pola Administración, e cun prazo máximo de execución dos traballos que será o indicado no apartado 5 do cadro de características. A súa falta suporá a exclusión da oferta presentada pola empresa licitadora. Do mesmo xeito, serán rexeitadas todas as ofertas que superen o prazo máximo de execución fixado.

No suposto de que se admitan variantes na proposición, a dita circunstancia será indicada no apartado 6 do cadro de características onde constarán tamén as condicións ás que deberán suxeitarse. Neste caso cada licitador poderá presentar unha proposición en relación co obxecto do contrato, se ben esta poderá incluír variantes ou alternativas.

6 ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo do contrato virá determinado no apartado 3 do cadro de características, contía que representará o gasto máximo que realizará a Administración en virtude do contrato de SERVIZOS, quedando limitado o gasto real ao que resulte da selección da proposición máis vantaxosa. No suposto de que o orzamento se financie con fondos europeos, constará no cadro de características o tipo de fondo e a porcentaxe de cofinanciamento.

Para todos os efectos entenderase que o orzamento aprobado pola Administración comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución do servizo contratado, así como toda clase de impostos, directos ou indirectos.

Tamén se debe entender comprendido o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que poida corresponder -que en todo caso, deberá figurar como partida independente-, de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente na data de subscripción da proposición económica.

A formulación da proposta económica terá carácter global, polo que inclúe todos factores de valoración e impostos que se debeñan por razón do contrato, incluído o IVE, entendéndose que inclúen todos os gastos de contratación, formalización e cumprimento do contrato, entre os que a modo enunciativo atópanse: os xerais, financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, retribucións, honorarios e custos sociais de todo o persoal ao seu cargo. Sen embargo a partida correspondente ao imposto sobre o valor engadido (IVE), figurará como partida independente, de conformidade co establecido no artigo 145.5 do TRLCSP.

O prezo do contrato será o que resulte da súa adxudicación e incluírá, como partida independente, o IVE.

7 EXISTENCIA DE CRÉDITO/TRAMITACIÓN ANTICIPADA

Ás obrigas económicas que se deriven da contratación realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014 que figura no apartado 4 do cadro de características conforme á distribución sinalada.

Debido á que a execución do contrato obxecto do presente prego se realizará exclusivamente en anualidades posteriores ao presente exercicio e sen prexuízo da súa formalización neste, de conformidade co previsto no artigo 110 do TRLCSP e co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes de 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, **a adxudicación queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do dito contrato.**

8 PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo previsto pola Administración para a execución do obxecto do contrato estará fixado no apartado 5 do cadro de características e terá en todo caso carácter de prazo máximo.

De ser o caso e por razóns técnicas tamén poderá establecerse un prazo mínimo aceptable pola Administración.

Poderanse establecer prazos parciais para a execución sucesiva de prestacións en que o servizo poda descompoñerse, resultantes da aprobación do programa de traballos, os cales terán carácter de termo para os efectos de aplicación do disposto nos artigos 212 e 213 do TRLCSP, para o caso de mora no cumprimento.

De conformidade co artigo 213 do TRLCSP, o dito prazo de execución poderá ampliarse cando o contratista non puidera cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

9 PRAZO DE GARANTÍA

Ao abeiro do disposto no artigo 222.3 do TRLCSP non se establece prazo de garantía en razón da natureza e características das prestacións obxecto do presente contrato, sendo constatable a correcta execución do contrato no mesmo momento da súa entrega. Realizado o servizo e certificado de conformidade pola Axencia de Turismo de Galicia de que foi realizado conforme se especifica no prego de prescricións técnicas, xa se pode garantir a súa adecuación ao obxecto contractual e a súa calidade técnica.

10 REVISIÓN DE PREZOS

Ao presente contrato seralle de aplicación o disposto nos artigos 89 a 92 do TRLCSP. Cando a revisión non proceda farase constar así no apartado 7 do cadro de características.



11 CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Están facultadas para contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas ningunha das prohibicións de contratar que sinala o artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica financeira e técnica ou profesional ou, nos casos nos que se esixa do TRLCSP se atopen debidamente clasificadas. Os empresarios deberán contar, así mesmo coa habilitación empresarial e profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios, debendo dispoñer dunha organización con medios persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, de conformidade co establecido no artigo 60 do TRLCSP.

Non poderán concorrer ás licitacións empresas que participaran na elaboración das especificacións técnicas ou documentos preparatorios do contrato, por si ou mediante unión temporal de empresas, sempre que dita participación poda provocar restricións á libre concorrencia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto de empresas licitadoras.

Respecto das **empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea** estarase ao disposto nos artigos 58, 65.1, 72, 73.2 e 84 do TRLCSP e no artigo 9 do RXLCAP.

Respecto das **empresas estranxeiras non comunitarias**, estarase ao disposto no artigo 55, 59, 72.3 do TRLCSP e no artigo 10 do RXLCAP.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente ao efecto de conformidade co art. 59 do TRLCSP.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa personalidade, capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos artigos 62 e seguintes e 74 do TRLCSP e aos artigos 9 a 16, 24 e 52 do RXLCAP. acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta.

Presentarase declaración asinada polos responsables de cada empresa que indique os nomes e circunstancias dos que constituán a unión temporal, a participación de cada un de eles e o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultar adxudicatarios, así como nomear un representante ou apoderado único da unión. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

Non será necesaria a formalización da unión en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

12 CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

A clasificación do licitador no suposto de resultar esixible, consonte establecen a disposición transitoria cuarta do TRLCSP e artigo 25.1 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, expresarase no apartado 11 do cadro de características.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior e ao abeiro do artigo 64.2 do TRLCSP, o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución, nos termos que se establecen na cláusula 14.1.i) do prego acorde co apartado 10 do cadro de características, deberá ser achegado en todo caso.

De non esixirse clasificación, a acreditación de solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional efectuarase polos medios que, dos relacionados nos artigos 75 e 78 do TRLCSP, se indican no cadro de características. Sen embargo, para os efectos do establecido no artigo 74.2) do TRLCSP, **a acreditación da clasificación do licitador como empresa de SERVIZOS, concretamente no grupo, subgrupo e categoría indicados no cadro de características acompañado dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a súa obtención, constituirá xustificación bastante e suficiente de que o licitador posúe a preceptiva solvencia económica e financeira, técnica e profesional xenérica esixidas nos apartados anteriores**, salvo o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución, requirido ao abeiro do artigo 64.2 do TRLCSP nos termos que se establecen na cláusula, 14.1.i) do prego acorde co apartado 10 do cadro de características, e que deberá ser achegado en todo caso.

No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea que non estean clasificados, deberán acreditar a súa capacidade financeira, económica e técnica polos medios descritos nos artigos 75 e 78 do TRLCSP.

Os ditos licitadores deberán acreditar unha solvencia equivalente á esixida aos demais empresarios para a obtención da clasificación correspondente ao obxecto do contrato.

Para apreciar a dita solvencia en relación co contrato obxecto de licitación, o órgano de contratación procederá de acordo co previsto nos artigos 37 e seguintes do RXLCAP. Os traballos incluídos, a efectos de clasificación, en cada un dos subgrupos relacionados no artigo 37 do RXLCAP aparecen reflectidos no anexo II da RXLCAP.

Respecto dos **empresarios que concorran agrupados** no caso do artigo 59 do TRLCSP, para apreciar a concorrencia do requisito de clasificación se atenderá, nos termos regulamentarios procedentes, ás características acumuladas de cada un deles expresadas nas súas respectivas clasificacións de acordo co establecido artigo 67 do TRLCSP. En todo caso, será requisito básico para proceder a esta acumulación que todas as empresas obtivesen previamente a clasificación como empresa de servizos, agás cando se trate de empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea, caso no que soamente acreditarán a solvencia económica, financeira, técnica ou profesional.

III ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

13 FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSIÇÕES

13.1 Forma de presentación



A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

Os licitadores invitados á licitación presentarán a documentación en **dous sobres** pechados sinalados coas letras **A (documentación xeral)**, **B (proposición económica)**, coa documentación prescrita no art. 146 do TRLCSP e que se relaciona na cláusula 14 deste prego.

Toda a documentación será presentada redactada nos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias debidamente autenticados ante notario ou compulsadas por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso.

Os sobres presentaranse debidamente pechados, identificados no seu exterior coa indicación de sobre A e B e a lenda “*proposición para tomar parte na contratación do servizo (título do contrato)*”, e deberán estar asinados polo licitador ou a persoa que o represente, coa indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, indicarse un número de teléfono, fax, enderezo e correo electrónico, así como de ser o caso, o nº de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

No interior de cada sobre farase constar en folia independente o seu contido, seguindo a numeración que se especifica nas cláusulas 14.1 e 14.2 do presente prego.

13.2 Lugar e prazo de presentación de proposicións

Os sobres antes indicados deberán ser entregados no Rexistro da AXENCIA TURISMO DE GALICIA, sito na Praza de Mazarelos s/n, 15707 Santiago de Compostela, dentro do prazo de admisión sinalado na invitación cursada pola Administración, dirixidos á **Área de Contratación da AXENCIA TURISMO DE GALICIA**. Cando o último día do prazo sexa inhábil a efectos de apertura do Rexistro da AXENCIA TURISMO DE GALICIA, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

A documentación tamén poderá ser enviada por correo dentro do prazo de admisión sinalado na invitación cursada pola Administración. Neste caso, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou Fax (Fax nº 981 546 647) nese mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

O non cumprimento do lugar, do prazo de presentación da documentación será causa de exclusión.

14 DOCUMENTACIÓN

14.1 SOBRE A. Título: Documentación xeral



Conforme ao artigo 44.Dous da Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, **presentarase cuberta a declaración responsable no Anexo I no que o licitador indica que cumpre as condicións establecidas nos presentes pregos e na lexislación para contratar coa Administración. No caso de presentarse como unión de empresarios incorporarase ademais o documento indicado no apartado b)**

a) EMPRESAS VINCULADAS:

As empresas licitadoras que pertencen a un grupo empresarial, entendendo por tal aquelas que se atopan nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio ou sociedades nas que concorran algún destes supostos, deberán presentar unha declaración xurada na cal se faga constar a dita circunstancia, así como o suposto do mencionado artigo no que se encontren incursas, para os efectos do disposto no artigo 145.4 parágrafo segundo do TRLCSP e 86 do RXLCAP, segundo o modelo que, se achega como anexo I.

b) UNIÓN DE EMPRESARIOS:

As unións de empresarios que se constituán temporalmente poderán presentar proposicións, a efectos do art. 59 do TRLCSP.

Presentarase declaración asinada polos responsables de cada empresa que indique os nomes e circunstancias dos que constituán a unión temporal, a participación de cada un deles e o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, no caso de resultar adxudicatarios, así como nomear un representante ou apoderado único da unión. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión, **acompañando ao anexo I.**

c) DOCUMENTACIÓN PARA O DESEMPATE ENTRE PROPOSICIÓNS:

No seu caso, o licitador incluíra a documentación acreditativa relativa á cláusula 16.3 deste prego **para que faga efecto no caso de igualdade entre varias proposicións.**

d) XURISDICIÓN:

As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador.

14.2 SOBRE B. Título: Documentación relativa a criterios avaliados de forma automática

Os licitadores axustaran a súa oferta ao modelo oficial que figura como anexo II, III e IV debidamente asinada e datada.

Na oferta económica deberá indicarse, como partida independente, o importe do imposto sobre o valor engadido que deba ser repercutido. Así mesmo, entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario, como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas nos pregos e no contrato.

Cada licitador presentará unha soa proposición e non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A oferta presentarase sen omisións, erros ou borranchos que dificulten coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta. Serán inadmisibles, así mesmo, as ofertas nas que exista contradición entre a cantidade expresada en número e letra ou nas que concorra algunha das circunstancias previstas no art. 84 do RXLCAP.

IV PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

15 MESA DE CONTRATACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 320 do TRLCSP, para este procedemento negociado **non se constituirá mesa de contratación.**

O órgano de contratación designará, entre o persoal dependente da consellería, á persoa ou persoas que estime oportuno para que procedan á apertura e exame da documentación xeral e aos técnicos responsables da análise das ofertas presentadas.

16 APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

16.1 Finalizado o prazo de presentación, o órgano de contratación procederá ao exame da documentación xeral presentada en tempo e forma, en función dos requisitos esixidos. De observárense defectos ou omisións emendables, ou de necesitar aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou achega doutros complementarios, poderase conceder para iso un prazo non superior a tres (3) días hábiles. Para estes efectos comunicaranse vía Fax (con confirmación da recepción) aos interesados.

16.2. O órgano de contratación cualificará as proposicións presentadas por orde decrecente, previa negociación, no seu caso, das condicións do contrato atendendo os aspectos de negociación sinalados no *apartado 12* do cadro de características deste prego, e poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente poderá solicitar eses informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos aspectos económicos obxecto de negociación que se establecen no *apartado 12* do cadro de características por ser os adecuados para avaliar o interese das melloras que se oferten respecto á execución do servizo. Os licitadores deberán acreditar a situación das súas ofertas respecto de cada aspecto polos medios que para cada caso indique o órgano de contratación, para os efectos de asignarlle a puntuación resultante.

16.3. No caso de igualdade entre dous ou máis proposicións, dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que conte na súa plantilla cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%.

No caso de que varias empresas se atopen nas circunstancias expresadas no apartado anterior, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña do maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados na súa plantilla.

De persistir o empate, este desfarase outorgándolle o contrato a aquel licitador que acredite a certificación da implantación dun plan de igualdade conforme ao establecido no artigo 11 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

De continuar o empate, outorgarase o contrato ao licitador que acredite a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao artigo 22 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

16.4 Presunción de ofertas económicas desproporcionadas ou anormais.

Para os efectos do disposto no artigo 152 do TRLCSP, os parámetros obxectivos para considerar unha oferta **desproporcionada ou anormal** están establecidos no *apartado 12* do cadro de características. En tales supostos estarase ao disposto no artigo 152 de LCSP.

A declaración de que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de resultar desproporcionada ou anormal requirirá a previa solicitude de información a todos os licitadores supostamente comprendidos nela, así como o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados, estimase que a oferta non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo co orde na que foron clasificadas.

17 ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

17.1 Documentación a presentar polo licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles (5 días hábiles no caso de tramitación urxente do expediente) contados desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento a documentación que se relaciona, agás que esta obre xa no poder do órgano de contratación por achegarse no sobre A e sempre e cando os certificados se atopen vixentes no momento da adxudicación:

- a)** Certificación positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente, acreditativa de que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, entendendo por tales as previstas nos artigos 14 e 15 do RXLCAP.
- b)** Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) que acredita que o licitador se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, entendendo por tales a recollida nos artigos 13 e 15 do RXLCAP.
- c)** Certificación positiva expedida polo órgano competente da Consellería de Facenda (Xunta de Galicia) na que se teña constancia que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa facenda pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Orixinal ou copia compulsada do impreso de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou do último recibo completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no citado imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do R.d. legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da administración competente, ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000,00 €), respecto dos suxeitos pasivos enunciados na letra c) do artigo 82.1 da citada norma legal.

e) Resgardo orixinal de ter depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Tesourería da Consellería de Facenda, ou nos seus Departamentos Territoriais, a **GARANTÍA DEFINITIVA** polo importe do 5 % (cinco por cento) do orzamento de adxudicación, con exclusión do IVE, a disposición do órgano de contratación (AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA).

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do TRLCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP, ou mediante garantía global cos requisitos establecidos no artigo 98 do TRLCSP. A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no art. 100 do TRLCSP.

f) Os documentos que acrediten a **PERSONALIDADE E CAPACIDADE DE OBRAR**:

- Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación de copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do Documento Nacional de Identidade (ou o que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente), da persoa titular ou propietaria da empresa, así como a documentación acreditativa da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato.

- Se a empresa fose persoa xurídica española, será obrigatoria a presentación de copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do número de identificación fiscal (NIF) e da escritura de constitución e/ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que constaren as normas polas que se regula á súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

- Cando sexa esixible para a realización da actividade ou a prestación que constituía o obxecto do contrato unha determinada habilitación empresarial, acompañarase copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do certificado que acredita as condicións de aptitude profesional.

- A personalidade dos empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou presentación das certificacións do Anexo I do RXLCA (anexos IX B e C da Directiva 2004/18) en función dos diferentes contratos. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel os traballos de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

- A capacidade das empresas estranxeiras de estados non membros da Unión Europea acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no lugar de domicilio da empresa, no que se faga constar, logo da acreditación da empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

Será necesario, ademais, que demostren ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes e inscritas no Rexistro Mercantil.

g) Os documentos que acrediten a REPRESENTACIÓN:

- Os que comparezan e asinen a proposición no nome doutro deberán presentar copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, do DNI, do apoderado/s, ou do documento que regulamentariamente o substitúa.

- Se o licitador fose un empresario individual achegarase copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa a favor de quen subscribe a solicitude no seu nome.

- Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegarase copia, debidamente autenticada ante notario ou compulsada por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso, da escritura de constitución da sociedade e/ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentarse, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no caso de que este requisito sexa esixible de acordo coa normativa aplicable, no Rexistro Mercantil, ou no seu caso no rexistro público que corresponda.

- Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegarase o correspondente documento dilixenciado por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia no que conste que o poder de representación outorgado a o seu favor é declarado bastante.

h) Documentación acreditativa da SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA (medios de acreditación e criterios para ser admitidos):

Os interesados deberán acreditar a súa **solvencia económico-financeira**, de conformidade co artigo 75 do TRLCSP, mediante os medios establecidos no apartado 9 do cadro de características.

Segundo establece o artigo 75.2 do TRLCSP, se por unha razón xustificada o empresario non está en condicións de presentar as referencias solicitadas, autorizaráselle a demostrar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que se considere apropiado polo órgano de contratación.

i) Documentación acreditativa da SOLVENCIA TÉCNICA (medios de acreditación e criterios para ser admitidos):

Os interesados deberán acreditar a súa **solvencia técnica**, de conformidade co no 76 do TRLCSP, mediante os medios establecidos no apartado 10 do cadro de características.

En virtude do artigo 63 do TRLCSP, para acreditar a solvencia necesaria o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostren que, para a execución do contrato, dispoñen efectivamente deses medios, debendo achegar un certificado emitidos polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia.

j) Acreditación de dispoñer dos medios humanos e materiais suficientes para a súa execución.

De acordo co previsto no artigo 151.2 do TRLCSP, á marxe de acreditar a súa solvencia técnica requirida na cláusula anterior (ou da clasificación requirida na cláusula seguinte) os licitadores deberán acreditar que dispoñen dos medios persoais e materiais suficientes esixidos como mínimo para levala a cabo adecuadamente, medios mínimos que a xuízo de órgano de contratación son os establecidos no apartado 10 do cadro de características.

Os valores indicados deben tomarse coma **referencias mínimas** para a execución do contrato e terán o **carácter de obrigas contractuais esenciais**. A falsidade nas titulación e nivel de coñecementos técnicos do persoal ofertado, deducida do contraste entre a oferta técnica e os coñecementos reais demostrados na execución dos traballos, implicará asumir responsabilidades fronte á Administración, e será causa da resolución do contrato (artigo 223 do TRLCSP).

k) UNIÓNS DE EMPRESARIOS:

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos artigos 62 e seguintes e 74 do TRLCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta.

Non será necesaria a formalización da unión en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

l) REXISTROS DE LICITADORES/CONTRATISTAS:

Os licitadores que acrediten circunstancias de personalidade xurídica, representación, clasificación, solvencia e non prohibición de contratar mediante certificación dun rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas, ou mediante un certificado comunitario de clasificación, deberán presentar a correspondente certificación expedida polo rexistro correspondente.

Respecto dos licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº. 200 do 16 de outubro de 2001), a correspondente certificación de inscrición será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación.

Os licitadores inscritos nun rexistro Xeral de Contratistas están exentos de presentar a documentación que obre no rexistro e que, no seu caso, estea **vixente na data de finalización do prazo de presentación das proposicións.**

Cando un licitador desexa facer valer a súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos previstos, deberá expoñelo de forma fidedigna no exterior do sobre de documentación xeral, indicando o nº. de rexistro asignado.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias debidamente autenticados ante notario ou compulsadas por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso.

Conforme ao artigo 44. Dos da Lei 14/2013, o momento decisivo para apreciar a concurrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

Nas unións de empresarios a documentación xeral deberá ser achegada por todos e cada un dos seus membros.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

17.2 Adxudicación

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida ao licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa.

A adxudicación acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores, nos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP, e simultaneamente será publicada no perfil do contratante.

Cando o único criterio que se vai considerar para seleccionar ao adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de 15 días que se contarán desde o día seguinte ao de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato se teñan en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de 2 meses que se contarán dende a apertura das proposicións.

A licitación non poderá declararse deserta cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios de valoración das ofertas.

De non se ditar a resolución de adxudicación dentro do prazo, os empresarios terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva ou cancele a garantía que tivesen prestado.

17.3 Devolución da documentación e da garantía provisional

No caso de que se esixa a constitución da garantía provisional, esta será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso será retida ao licitador cuxa

proposición fora seleccionada para a adxudicación ata que proceda a constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

A documentación restante presentada polos licitadores que non sexan adxudicatarios, a excepción da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres (3) meses contados dende o día seguinte á notificación da adxudicación aos licitadores, e durante o prazo de trinta (30) días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que se interpoñan reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da documentación non retirada.

V FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

18 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato se perfeccionará mediante a súa formalización de acordo co artigo 27 do TRLCSP.

O presente prego, o prego de prescricións técnicas, os cadros de prezos e o programa de traballo, revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir antes do 15º día hábil seguinte á recepción da notificación da adxudicación do contrato o correspondente documento administrativo de formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisoria, que no seu caso fose esixida, segundo o estipulado no artigo 156.4 do TRLCSP.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar ante o órgano de contratación a documentación que a continuación se relaciona:

1º Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e do DNI da persoa facultada para a sinatura do contrato.

2º Inscrición no Rexistro de Terceiros da Comunidade Autónoma de Galicia. Só no caso de non ter contratado en ningunha ocasión coa Xunta de Galicia, ou ben, tendo sido adxudicatario con anterioridade, no caso de ter modificado os datos bancarios ou sociais dende a última contratación.

3º No caso das empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante Administración, no caso da adxudicación do contrato, a constitución da agrupación formalizada en escritura pública nos termos do artigo 59 do TRLCSP, NIF asignado a esta e nomeamento dun representante ou apoderado único con poder bastante para exercer e cumprir obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción.

VI EXECUCIÓN DO CONTRATO

19 RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, entre o persoal técnico da Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa. Será o interlocutor do órgano de contratación do responsable dos traballos designado pola empresa.

A designación ou non do responsable, non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que as deficiencias sexan debidas á orde directa do responsable por parte da Administración, con expresa reserva escrita por parte do contratista, tanto ao propio responsable como ao órgano de contratación.

A Administración levará a cabo a inspección, comprobación e vixilancia para a completa realización do traballo executado, debendo o adxudicatario facilitar, cando o órgano de contratación o requira, a información relativa ao desenvolvemento da execución do contrato, os avances e as conclusións parciais ás que se poida chegar, así como cantas incidencias se produzan no desenvolvemento dos traballos, a través de reunións así como, de ser o caso, de resumos relativos ás sucesivas unidades de traballo concluídas.

20 EXECUCIÓN DO CONTRATO

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización.

O contrato executarase dentro do prazo establecido, con suxeición ao establecido no seu clausulado, nos pregos de cláusulas administrativas, no de prescricións técnicas, no cadro de características e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese o órgano de contratación ao contratista.

En todo caso o contrato executarase a risco e ventura do contratista, correspondéndolle indemnizar todos os danos que se ocasionen tanto á Administración como a terceiros das omisións ou erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato, salvo cando tales prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorra en actos ou omisións que comprometan a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para acadar ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados.

O contratista terá a obriga de gardar segredo respecto dos datos ou antecedentes que non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión deste.

O contratista presentará o correspondente programa de traballo.

21 CUMPRIMENTO DO PRAZO E PENALIDADES POR MORA

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Se chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en demora por causa imputable a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato, con perda da garantía, ou pola imposición de penalidades económicas establecidas no artigo 212 do TRLCSP.

Os importes destas penalidades faranse efectivos mediante a dedución destas na facturación que se produza, ou de ser o caso, da garantía, e sen que a aplicación e pagamento destas exclúa a indemnización á que a Administración poida ter dereito polos danos e perdas ocasionados polo retraso do contratista.

Se o retraso fora producido por motivos non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo co disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

22 DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

A empresa contratista nomeará un coordinador do equipo de traballo que actuará como interlocutor coa Administración.

A empresa contratista, baixo a supervisión do responsable do contrato designado pola Administración, achega a súa propia dirección e xestión na execución sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 305 do TRLCSP.

A empresa contratista garantirá, en particular:

- A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións, ofertadas para a contratación. En consecuencia, o adxudicatario efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado ao servizo, por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.
- A categoría, formación, experiencia e cualificación profesional do persoal asignado á execución do contrato.
- Así mesmo, disporá para a execución do contrato da estrutura xerarquizada, cun responsable designado como director/coordinador que actuará como interlocutor coa Administración, que se encargará de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo, así como das directrices relativas á súa distribución.

23 CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materias suficientes para iso, ao que se refire a cláusula 14.1.i), o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá acadar o 10% do orzamento do contrato.

Cando o contratista, por causas imputables a el mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición de penalidades.

24 OBRIGAS DO CONTRATISTA

24.1 Obrigas laborais e sociais

En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcionarial ou laboral entre a Administración e o contratista.

Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da Xunta de Galicia.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito algún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

A empresa adxudicataria comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

E o/a adxudicatario/a queda obrigado/a, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á Administración contratante.

É responsabilidade da empresa contratista e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a administración pública de todo allea a estas relacións laborais. Correspóndelle, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licencias horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

É responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, agás aqueles que, se é o caso, se indiquen no prego de prescricións técnicas.

24.2 Protección de datos de carácter persoal

A empresa adxudicataria queda expresamente obrigada a realizar os seus traballos baixo as cláusulas do segredo profesional e, en consecuencia, a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto.

A entidade adxudicataria estará obrigada ao seguimento das normas sobre confidencialidade de datos, declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo se realizará de conformidade coas instrucións da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, e con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, o Real decreto 1720/2007, de 12 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento e no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal. Será así mesmo de aplicación a disposición adicional vixésimo sexta do TRLCSP. No caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que se deriven del.

O contratista comprométese explicitamente a formar e informar ao seu persoal das obrigas establecidas nesta cláusula e nas que nela se citan. No caso de incumprimento do estipulado a empresa contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que del se deriven.

24.3 Autorización e licenzas

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes relacionadas coa actividade por el desenvolvida, en especial, contará coas cesións, permisos autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes para empregar materiais, subministracións, equipos na execución do obxecto do contrato, correndo pola súa conta o pagamento dos dereitos e indemnizacións relativas a reclamacións en materia de propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar á Administración polos danos e prexuízos que se lle causen por tal concepto.

24.4 Gastos esixibles

Os gastos que orixine a publicación, por unha soa vez, dos anuncios de licitación do presente contrato, tanto nos correspondentes boletíns oficiais como, no seu caso, en prensa serán por conta do adxudicatario do contrato, sen que poida imputarse á Administración contratante ningún pagamento por tal concepto e sen que estes gastos superen os 2.500,00 €. No suposto de existir varios adxudicatarios, os gastos por este concepto serán distribuídos en proporción á contía do adxudicado a cada un.

25 PREZO DO CONTRATO E RÉXIME DE PAGAMENTO

O empresario terá dereito ao pagamento do prezo que resulte da adxudicación do contrato, no que se inclúe a totalidade dos gastos da realización do servizo obxecto do contrato ata a súa conformidade por parte da Administración, así como todos os impostos, dereitos e taxas.

O pagamento do prezo realizarase, logo da entrega da factura, unha vez realizado de conformidade o servizo obxecto do contrato, de acordo coas estipulacións dos pregos de cláusulas administrativas e de

prescricións técnicas, para o que será preciso a expedición dun certificado de conformidade polo órgano correspondente.

A Administración terá a obriga de abonar o prezo dentro do prazo que se estima no artigo 216.4 do TRLCSP, coas consideracións que recolle a disposición transitoria sexta da dita norma.

No caso de demora pola Administración no pagamento do prezo estarase ao establecido no artigo 216.4 do TRLCSP.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no Real Decreto 1496/2003, que aproba o regulamento sobre as obrigas de facturación, coa periodicidade e a forma establecida na cláusula anterior referida ao réxime de pagamentos, as facturas emitidas presentaranse, preferentemente, en formato electrónico a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), regulado na Orde do 12 de febreiro de 2010 (DOG n.º 31, do 16/02/2010).

O acceso ao SEF e á súa información será a través das seguintes URL: <http://www.conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

O adxudicatario poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar os traballos no prazo ou prazos contractuais, agás que existisen razóns para estimalo inconveniente, sen embargo, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente.

26 PROPIEDAD E EXPLOTACIÓN DOS TRABALLOS

A empresa adxudicataria cédelle en exclusiva á Administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, agás os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade da información obtida como consecuencia dos traballos obxecto deste contrato.

A cesión abrangue todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc; todo isto incluíndose calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso ao que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato, incluíndo todos os datos, cálculos, procesos e procedementos empregados durante a elaboración dos traballos.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos á administración contratante non ten limitación algunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.

O prezo pola cesión destes dereitos atópase comprendido no da licitación, non estando obrigada a Administración contratante a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

A empresa adxudicataria renuncia expresamente a calquera dereito de explotación que sobre os traballos realizados como consecuencia da execución do presente contrato puideran corresponderlle, e non poderá facer ningún uso ou divulgación dos estudos e documentos empregados ou elaborados en base a este prego de condicións, ben sexa en forma total ou parcial, directa ou extractada, orixinal ou reproducida, sen autorización expresa da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA. Así mesmo, a empresa

adxudataria non poderá facer uso das aplicacións informáticas subministradas pola AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA para outro fin distinto do obxecto deste traballo, quedando prohibida a súa copia, préstamo ou calquera outra forma de difusión.

VII CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

27 CESION

Admitirase a cesión do contrato sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP entre os que se encontra a preceptiva, expresa e previa autorización da cesión por parte do órgano de contratación.

Así mesmo, para que a cesión produza efectos fronte á Administración contratante, deberán cumprirse, igualmente, todos os demais requisitos sinalados na citada norma.

28 SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP, entre as que se encontra a obriga de comunicarlle anticipadamente e por escrito á Administración a intención de celebrar os subcontratos, con indicación da parte da prestación da prestación que se pretende subcontratar e a identidade do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia a os elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, se ben no caso de que o subcontratista tivera a clasificación axeitada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ao contratista da necesidade de xustificar a aptitude daquel.

As prestacións parciais subcontratadas non poderán exceder do 60% do importe da adxudicación.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, quen asumirá a total responsabilidade na execución do contrato fronte á Administración con suxeición estrita ás cláusulas do presente.

VIII MODIFICACIÓN DO CONTRATO

29 MODIFICACIÓN

29.1. Prerrogativa de modificar o contrato

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato, con suxeición ao disposto nos artigos 210 e 219 do TRLCSP.

De conformidade co establecido no artigo 219 do TRLCSP os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma prevista no Título V do Libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211 do TRLCSP.

En particular, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións do contrato que se realicen cuxa finalidade sexa o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Neste caso, as devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

29.2. Modificacións previstas derivadas dos principios de sostibilidade financeira e estabilidade orzamentaria

De acordo co disposto no artigo 106 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sostibilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a ampliación do seu prazo de execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de insuficiencia orzamentaria sobrevida e persistente para o financiamento dos servizos públicos correspondentes.

Entenderase que a insuficiencia orzamentaria é persistente se se produce durante dous trimestres consecutivos.

A insuficiencia orzamentaria considerarase sobrevida cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Adóptense medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Adóptense medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 211 TRLCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, se é o caso, revisarase para adaptalo aos novos importes anuais, debendo ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante.

O reaxuste de anualidades só será realizado na medida que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

O límite máximo de ampliación será o do dobre do prazo de execución previsto inicialmente sempre que non supere os límites legalmente permitidos para a duración do contrato.

29.3. Modificacións non previstas

En particular, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións do contrato en casos non previstos de acordo co número 2 desta cláusula que se realicen de acordo co artigo 107 do TRLCSP e cuxa finalidade sexa o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Naqueles supostos en que os principios indicados fixesen necesario que a prestación se executase en forma distinta á pactada inicialmente e a modificación esixida excedese os límites previstos na lexislación de contratos do sector público para o exercicio desta potestade, o contrato poderá resolverse para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

30 SUSPENSIÓN DO CONTRATO

Se a Administración acordase a suspensión do contrato, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivasen e a situación de feito na execución daquel.

Logo de acordar a suspensión, a Administración pagará ao contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán de acordo co disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 309 do TRLCSP.

IX EXTINCIÓN DO CONTRATO

31 CUMPRIMENTO E RECEPCIÓN

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación.

O acto de recepción obviarase dada a natureza da obriga do correspondente contrato por tratarse de actividades que materializan nunha pluralidade de actuacións que se extinguen coa súa execución, todos eles suxeitos ao control permanente do órgano de contratación. Sen embargo, esixiranse certificados de conformidade coa prestación efectuada emitido polo órgano de contratación.

Se o obxecto do contrato non se realiza conforme as estipulacións pactadas, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se pese a iso, a prestación efectuada non se adecúa ao contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obriga de pagamento, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación ao cumprimento da prestación contratada.

32 RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do contrato as sinaladas no artigo 223 do TRLCSP e polas especificamente indicadas para o contrato de servizos no artigo 308 da citada norma.

Ao abeiro do apartado h) do artigo 223 do TRLCSP, considerarase causa de resolución por incumprimento das obrigas contractuais, o abandono por parte do contratista do servizo obxecto do presente contrato. Entenderase producido o abandono cando a prestación non se desenvolva coa regularidade adecuada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días hábiles que se contarán desde o requirimento.

A aplicación e os efectos das causas de resolución do contrato serán as previstas legalmente, con carácter principal nos artigos 224, 225 e 309 do TRLCSP.

A resolución do contrato dará dereito ao contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizase conforme ao contrato e que se recibiran pola Administración.

33 DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Concluída a vixencia do contrato, e cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, ditarase acordo de devolución ou cancelación desta.

34 PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN



Con suxeición ao TRLCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razóns de interese público o contrato, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

35 CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

Consultas sobre o prego de cláusulas administrativas :
Area de Contratación de Turismo Tfno.: 981 547 499 Fax: 981 546 647 e-mail: contratacion-turismo.cpr@xunta.es
Consultas sobre o prego de prescricións técnicas:
María Castellano Méndez Rogelio López Romero Teléfono: 981 935 791 Fax: 981 935 643 Correo e: maria.castellano.mendez@xunta.es; rogelio.lopez.romero@xunta.es

De conformidade co establecido no artigo 115 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, despois de que fose informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da AXENCIA TURISMO DE GALICIA con data

O órgano de contratación acorda

Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares que se xunta, para contratos de servizo non harmonizados, polo procedemento negociado sen publicidade.

Santiago de Compostela,

Anexo V: Plan de mostraxe

AEROPORTO A CORUÑA

1º TRIMESTRE 2014

FECHA	ID	ORIXE	DESTINO RED	DESTINO	COMPAÑÍA	SAÍDA	CHEGADA	DÍA	Día Sem	Tipo Cmpñ	Tipo
13/03/2014	16	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	20:10	21:20	J	Semana	Tradicional	ELEGIDO
13/03/2014	5	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	21:05	22:25	J	Semana	Tradicional	ELEGIDO
14/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	V	Semana	Tradicional	ELEGIDO
14/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	V	Semana	Low Cost	ELEGIDO
14/03/2014	8	LCG	SVQ	SEVILLA	VUELING	11:35	12:55	V	Semana	Low Cost	ELEGIDO
14/03/2014	11	LCG	BIO	BILBAO	VUELING	14:00	15:00	V	Fin de Semana	Low Cost	ELEGIDO
14/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	V	Fin de Semana	Low Cost	ELEGIDO
15/03/2014	18	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	11:10	11:40	S	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
15/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	S	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
16/03/2014	18	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	11:10	11:40	D	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
16/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	D	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
16/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	D	Fin de Semana	Low Cost	ELEGIDO
16/03/2014	5	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	21:05	22:25	D	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
16/03/2014	12	LCG	BIO	BILBAO	VUELING	21:15	22:15	D	Fin de Semana	Low Cost	ELEGIDO
17/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	L	Semana	Low Cost	ELEGIDO
17/03/2014	2	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	9:25	10:50	L	Semana	Tradicional	ELEGIDO
17/03/2014	8	LCG	SVQ	SEVILLA	VUELING	11:35	12:55	L	Semana	Low Cost	ELEGIDO
17/03/2014	10	LCG	BIO	BILBAO	VUELING	13:15	14:15	L	Semana	Low Cost	ELEGIDO
17/03/2014	5	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	21:05	22:25	L	Semana	Tradicional	ELEGIDO
17/03/2014	7	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	22:00	23:35	L	Semana	Low Cost	ELEGIDO
18/03/2014	2	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	9:25	10:50	M	Semana	Tradicional	ELEGIDO
18/03/2014	18	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	11:10	11:40	M	Semana	Tradicional	ELEGIDO
18/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	M	Semana	Low Cost	ELEGIDO
18/03/2014	15	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	16:15	17:25	M	Semana	Tradicional	ELEGIDO
19/03/2014	8	LCG	SVQ	SEVILLA	VUELING	11:35	12:55	X	Semana	Low Cost	ELEGIDO

DATA: 13/03/2014

AEROPORTO A CORUÑA

1º TRIMESTRE 2014

FECHA	ID	ORIXE	DESTINO RED	DESTINO	COMPAÑÍA	SAÍDA	CHEGADA	DÍA	Día Sem	Tipo Cmpñ	Tipo
SUPLENTES											
13/03/2014	1	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	6:35	7:55	J	Semana	Tradicional	SUPLENTE
13/03/2014	2	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	9:25	10:50	J	Semana	Tradicional	SUPLENTE
13/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	J	Semana	Tradicional	SUPLENTE
13/03/2014	4	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	17:45	18:55	J	Semana	Tradicional	SUPLENTE
14/03/2014	1	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	6:35	7:55	V	Semana	Tradicional	SUPLENTE
14/03/2014	2	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	9:25	10:50	V	Semana	Tradicional	SUPLENTE
14/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	V	Semana	Tradicional	SUPLENTE
14/03/2014	4	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	17:45	18:55	V	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
14/03/2014	5	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	21:05	22:25	V	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
15/03/2014	1	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	6:35	7:55	S	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
15/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	S	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
15/03/2014	4	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	17:45	18:55	S	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
16/03/2014	1	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	6:35	7:55	D	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
16/03/2014	4	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	17:45	18:55	D	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
17/03/2014	1	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	6:35	7:55	L	Semana	Tradicional	SUPLENTE
17/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	L	Semana	Tradicional	SUPLENTE
17/03/2014	4	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	17:45	18:55	L	Semana	Tradicional	SUPLENTE
18/03/2014	1	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	6:35	7:55	M	Semana	Tradicional	SUPLENTE
18/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	M	Semana	Tradicional	SUPLENTE
18/03/2014	4	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	17:45	18:55	M	Semana	Tradicional	SUPLENTE
18/03/2014	5	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	21:05	22:25	M	Semana	Tradicional	SUPLENTE
19/03/2014	1	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	6:35	7:55	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE
19/03/2014	2	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	9:25	10:50	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE
19/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE
19/03/2014	4	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	17:45	18:55	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE
19/03/2014	5	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	21:05	22:25	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE
14/03/2014	17	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	7:30	8:00	V	Semana	Tradicional	SUPLENTE
15/03/2014	17	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	7:30	8:00	S	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
16/03/2014	18	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	11:10	11:40	D	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE
17/03/2014	17	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	7:30	8:00	L	Semana	Tradicional	SUPLENTE
18/03/2014	17	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	7:30	8:00	M	Semana	Tradicional	SUPLENTE
13/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	J	Semana	Low Cost	SUPLENTE
13/03/2014	7	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	22:00	23:35	J	Semana	Low Cost	SUPLENTE
14/03/2014	7	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	22:00	23:35	V	Fin de Semana	Low Cost	SUPLENTE
15/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	S	Fin de Semana	Low Cost	SUPLENTE
16/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	D	Fin de Semana	Low Cost	SUPLENTE
16/03/2014	7	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	22:00	23:35	D	Fin de Semana	Low Cost	SUPLENTE
18/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	M	Semana	Low Cost	SUPLENTE
18/03/2014	7	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	22:00	23:35	M	Semana	Low Cost	SUPLENTE

DATA: 13/03/2014

AEROPORTO A CORUÑA

1º TRIMESTRE 2014

FECHA	ID	ORIXE	DESTINO RED	DESTINO	COMPAÑÍA	SAÍDA	CHEGADA	DÍA	Día Sem	Tipo Cmpñ	Tipo	
19/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	X	Semana	Low Cost	SUPLENTE	
19/03/2014	7	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	22:00	23:35	X	Semana	Low Cost	SUPLENTE	
16/03/2014	8	LCG	SVQ	SEVILLA	VUELING	11:35	12:55	D	Fin de Semana	Low Cost	SUPLENTE	4
13/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	J	Semana	Low Cost	SUPLENTE	5
15/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	S	Fin de Semana	Low Cost	SUPLENTE	
17/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	L	Semana	Low Cost	SUPLENTE	
19/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	X	Semana	Low Cost	SUPLENTE	
Sin suplente	11	LCG	BIO	BILBAO	VUELING						SIN SUPLENTE	6
13/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	J	Semana	Tradicional	SUPLENTE	7
13/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	J	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
13/03/2014	15	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	16:15	17:25	J	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
14/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	V	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
14/03/2014	15	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	16:15	17:25	V	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE	
14/03/2014	16	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	20:10	21:20	V	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE	
15/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	S	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE	
15/03/2014	16	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	20:10	21:20	S	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE	
16/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	D	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE	
16/03/2014	15	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	16:15	17:25	D	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE	
16/03/2014	16	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	20:10	21:20	D	Fin de Semana	Tradicional	SUPLENTE	
17/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	L	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
17/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	L	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
17/03/2014	15	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	16:15	17:25	L	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
17/03/2014	16	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	20:10	21:20	L	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
18/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	M	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
18/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	M	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
18/03/2014	16	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	20:10	21:20	M	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
19/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
19/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
19/03/2014	15	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	16:15	17:25	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE	
19/03/2014	16	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	20:10	21:20	X	Semana	Tradicional	SUPLENTE	

DATA: 13/03/2014

AEROPORTO A CORUÑA

1º TRIMESTRE 2014

FECHA	ID	ORIXE	DESTINO RED	DESTINO	COMPAÑÍA	SAÍDA	CHEGADA	DÍA	Día Sem	Tipo Cmpñ	Tipo
20/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	J	Semana	Tradicional	ELEGIDO
20/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	J	Semana	Low Cost	ELEGIDO
20/03/2014	8	LCG	SVQ	SEVILLA	VUELING	11:35	12:55	J	Semana	Low Cost	ELEGIDO
20/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	J	Semana	Tradicional	ELEGIDO
21/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	V	Semana	Tradicional	ELEGIDO
21/03/2014	6	LCG	BCN	BARCELONA	VUELING	7:00	8:35	V	Semana	Low Cost	ELEGIDO
21/03/2014	2	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	9:25	10:50	V	Semana	Tradicional	ELEGIDO
21/03/2014	8	LCG	SVQ	SEVILLA	VUELING	11:35	12:55	V	Semana	Low Cost	ELEGIDO
21/03/2014	11	LCG	BIO	BILBAO	VUELING	14:00	15:00	V	Fin de Semana	Low Cost	ELEGIDO
21/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	V	Fin de Semana	Low Cost	ELEGIDO
21/03/2014	4	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	17:45	18:55	V	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
22/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	S	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
22/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	S	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
22/03/2014	3	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	13:30	14:50	S	Fin de Semana	Tradicional	ELEGIDO
23/03/2014	12	LCG	BIO	BILBAO	VUELING	21:15	22:15	D	Fin de Semana	Low Cost	ELEGIDO
24/03/2014	14	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	12:15	13:25	L	Semana	Tradicional	ELEGIDO
24/03/2014	9	LCG	LHR	LONDRES/HEATHROW	VUELING	15:35	16:40	L	Semana	Low Cost	ELEGIDO
24/03/2014	15	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	16:15	17:25	L	Semana	Tradicional	ELEGIDO
25/03/2014	1	LCG	MAD	MADRID	IBERIA	6:35	7:55	M	Semana	Tradicional	ELEGIDO
25/03/2014	13	LCG	MAD	MADRID	AIR EUROPA	6:50	8:00	M	Semana	Tradicional	ELEGIDO
25/03/2014	17	LCG	LIS	LISBOA	TAP PORTUGAL	7:30	8:00	M	Semana	Tradicional	ELEGIDO
